

ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezaseis horas e trinta minutos** do día **vinde e cinco de abril de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Toma de posesión do cargo de concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Don José María Rosende Rico.**
- 2. Liquidación do orzamento do Concello ano 2012.**
- 3. Aprobación inicial do orzamento e cadro de persoal do Concello para o ano 2013.**

Cumpriméntase así:

1. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSÉ MARÍA ROSENDE RICO.

Consta no expediente da sesión a credencial remitida o pasado día 21 de marzo de 2013 pola Xunta Electoral Central do novo concelleiro Don José María Rosende Rico, que a continuación pasará a xurar ou prometer o cargo e a partir de aí, tomar posesión do mesmo.

Consonte ao establecido na Lei Orgánica de Réxime Electoral e en base á credencial remitida polo señor Presidente da Xunta Electoral Central, Don José María Rosende Rico promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Trala comprobación da credencial acreditativa da condición de electo do Sr. Rosende Rico, ao que lle corresponde cubrir a vacante producida pola renuncia de Don José Albino Vázquez Aldrey, e previa promesa de cumprir fielmente a obriga do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e o Estatuto de Autonomía de Galicia, toma posesión do cargo de concelleiro do Concello de Santiago de Compostela Don José María Rosende Rico.

2. LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2012.

Con datas do 18 de febreiro e de 27 de febreiro deste ano aprobáronse mediante decretos da alcaldía, as liquidacións do orzamento do organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e do Concello, respectivamente, para 2012.

Consta así mesmo no expediente informe emitido polo Sr. Interventor de fondos municipais o día 1 de febreiro sobre a información remitida ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ó cuarto trimestre do exercicio de 2012 relativa ó seguimento do Plan de Axuste aprobado con data do 31 de marzo de 2012.

En cumprimento do que dispón o artigo 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e o artigo 22.2 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, e de conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Facenda do día 27 de febreiro deste ano, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do pasado día 19 de abril, dáse conta ao Pleno da Corporación:

* Da liquidación do orzamento municipal do Concello de Santiago de Compostela e do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia” para o exercicio 2012.

* Da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ao abeiro do que dispón o artigo 10 do RD Lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, da información correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2012 relativa ao seguimento do Plan de Axuste aprobado con data 31 de marzo de 2012.

3. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2013.

O proxecto de orzamento do Concello para o ano 2013, polo importe 96.525.739 euros en ingresos e 93.284.729,35 euros en gastos, ven acompañado do proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia por importe de 1.838.431,10 euros tanto en ingresos como en gastos.

Achegados ao expediente figuran tamén os proxectos de orzamento para o ano 2013 das seguintes sociedades:

* O da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, Sociedade Anónima (TUSSA), aprobado polo seu consello de administración na sesión que tivo lugar o 28 de decembro de 2012 polo importe de 1.750.841,47 euros en ingresos e 1.461.497,66 euros en gastos.

* O da Sociedade de Información e Comunicación SA (INCOLSA), aprobado polo seu Consello de Administración na sesión que tivo lugar o 19 de decembro de 2012, polo importe de 1.242.885,90 euros en ingresos e en gastos.

Figuran tamén no expediente, para os efectos da súa aprobación, as bases de execución do orzamento xeral para o ano 2013.

No que atinxe ao cadro de persoal, o que se propón para aprobación leva data do 1 de marzo deste ano.

No expediente figuran informes do departamento de persoal, do Sr. Interventor de Fondos Municipais, da Sra. Directora de área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, da dirección da asesoría xurídica e da asesoría xurídica da Deputación Provincial da Coruña.

Por ultimo, cómpre indicar que o proxecto de orzamento e de cadro de persoal foron aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión do pasado día 15 de abril de 2013, e ditaminados pola Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do día 19 deste mes.

Faise mención igualmente a que con data de onte o grupo municipal do PSdeG-PSOE presentou unha proposta de modificacións no documento que supoñen a baixa de distintas cantidades en diferentes partidas por importe de 561.822,85 euros, e a alta noutras por importe de 1560153,80 euros.

Dona Cecilia Sierra, nesta súa primeira intervención, fai un repaso á situación na que o grupo popular atopou o Concello cando chegou ao goberno municipal, cunha débeda con provedores inxente, por certo algúns deles cobrando con demora dun ano, e uns gastos fixos de mantemento de servizos básicos de 36 millóns, entre os que non se tiña presupostado a xestión e dotación dalgúns equipamentos como o túnel do Hórreo. O gasto en persoal ascendía a máis de trinta millóns, incluíndo interinos por máis de dous millóns, e prazas por sentenza por case trescentos mil euros, o que denotaba unha falta de previsión e unha mala xestión económica.

A situación financeira de entón era moi complicada, cun remanente líquido de tesourería negativo de 2,6 millóns de euros, inestabilidade orzamentaria, e un volume de endebedamento superando a ratio permitida pola lei. O bipartito aplicaba aquilo de “ata o infinito e máis alá” e non coñecía límites, pois aínda que existían, decidiran non respectalos. O resultado foi que Santiago era a única cidade galega con remanente negativo e con volume de débeda por encima do permitido.

O histórico problema financeiro de Santiago quedou plasmado en dous plans de saneamento, un nos anos 2004 a 2007, e outro de 2009-2011. O primeiro non se cumpriu, e o segundo tampouco nos dous primeiros anos, tendo incluso que ser reformulado en 2010. Desta forma, nese último ano o grupo do Partido Popular propuxo un pacto de goberno que contemplaba, entre outros aspectos, medidas para tratar de

solucionar o dislate financeiro do concello, pacto que foi rexeitado polo bipartito, alleo á realidade dunha crise sen precedentes.

Curiosamente, cando o Partido Popular entra a gobernar en 2011, si se cumpriu o Plan económico-financiero establecido por primeira vez na historia. As medidas de control de gasto levadas a cabo ese ano comezaron a dar os seus froitos, e xa a liquidación arroxou cifras mellores. O orzamento do 2012 foi un orzamento realista e en base 0, e os resultados da liquidación dese ano responden ao obxectivo marcado de manter unha senda de sostibilidade económica.

Así, segundo a liquidación de 2012, o remanente pasa a ser positivo en 1,9 millóns, seguimos en estabilidade, e a débeda con provedores diminúe en 14 millóns, situándonos en mínimos históricos, mentres o volume de endebedamento financeiro segue por debaixo do máximo legal establecido. Todo isto fai que as ratios de solvencia melloren, que o Concello xa non estea tan tutelado para tomar as súas decisións económicas, e que nos situemos na senda da solvencia, da sostibilidade e da eficacia financeira.

En consideración ó anterior, o orzamento que hoxe se presenta para aprobación inicial cumpre con todos os parámetros técnicos que se lle esixen: estabilidade orzamentaria de 11,4 millóns de euros, cumprimento do teito de gasto, por debaixo dos 89 millóns que esixe a lei, senda de amortización do endebedamento a razón de case 8 millóns ao ano, consolidación do remanente líquido de tesourería positivo, e cumprimento do plan de axuste.

Prosegue explicando a concelleira que en 2013 afróntase un escenario sobre a base do control do déficit na xestión do gasto público, no que o rigor e a prudencia constitúen factores esenciais para a sostibilidade dos servizos públicos. Para iso, o goberno deseñou un proxecto que serva como instrumento de cohesión social e sostibilidade, baseado en catro liñas fundamentais:

A primeira é a do impulso de políticas activas e preventivas de emprego e mercado carácter inversor; así se produce un incremento do orzamento de emprego de 112% con respecto a 2012, aumentando en case medio millón de euros, e ascendendo a cifra total en case un millón de euros. Nun contexto de crise, onde a mellor política social é a loita contra o paro, se trata de contribuír á xeración de emprego, mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento de políticas activas e preventivas. Tamén é un orzamento de carácter inversor, así as inversións aumentan un 101,45%, á vez que se establecen criterios de austeridade, eficiencia e rendabilidade económica en torno ás infraestruturas. O goberno prioriza as inversións e realiza unha planificación estratéxica das mesmas, pois se trata de conservar e manter as que existen, xerando emprego, á parte de seguir unha política

de captación de recursos procedentes doutras administracións para non ter que acudir ao endebedamento.

A segunda liña fundamental que preside o orzamento é o incremento do gasto social e do destinado ós servizos públicos básicos. Desta forma, as actuacións de protección e promoción social aumentan un 27%, e ademais os servizos públicos se manteñen a pesar da subida do IVE e o IPC, que supoñen un millón e medio de euros ao concello.

A terceira liña é o apoio aos sectores produtivos para xerar un crecemento duradeiro e estable, con axudas aos empresarios, apoio ao comercio e á promoción económica, sectores que experimentan un incremento do 10,12%.

Por último, a cuarta liña, baixo un criterio de equidade, é a loita contra o fraude fiscal, que contempla dous aspectos. En primeiro lugar trátase de non subir impostos e taxas, e en segundo, pártese da premisa de que non é de xustiza que uns paguen e outros non. Desta forma, o total do orzamento consolidado ascende a 99,37 millóns de euros no estado de ingresos e 95,84 millóns no estado de gastos, producíndose un aumento en termos comparativos de un 2% e de 1,6% respectivamente.

Con respecto ao Concello, as cifras son de 96,52 millóns de euros de ingresos, e de 93,28 millóns de euros en gastos, é dicir, prodúcese un aumento dun 4% e dun 3,8% respectivamente. Os ingresos non financeiros ascenden a 96,44 millóns, aumentando un 4,27%, e as operacións correntes se elevan a 96,12 millóns de euros, é dicir, un 3,29% máis.

Os ingresos por operacións de capital ascenden a 4,31 millóns de euros, producíndose un aumento do 29,89%, e os ingresos financeiros seguen en 80.000 euros, é dicir, non varían con respecto a 2012.

Con respecto aos gastos, o total dos non financeiros suma a cantidade de 85,29 millóns de euros, aumentando nun 4%. Os gastos por operacións correntes ascenden a 75,82 millóns de euros, incrementándose nun 1%, incremento que se produce sobre todo no capítulo II, para facer fronte á subida de IVE do 3% e ao IPC do 2,9%, e os gastos por operacións de capital ascenden a 9,46 millóns de euros, experimentando un incremento do 37,51%.

Por último, indica a concelleira que o total de gastos financeiros ascende á cifra de 7,99 millóns de euros, é dicir, prodúcese unha diminución do 1,83%.

Don Rubén Cela, pola súa banda, inicia a intervención afirmando que é sabida a posición do BNG a respecto do retraso co que se van aprobar as contas, e ó sistemático incumprimento dos prazos que o goberno por si só se foi marcando e anunciando

públicamente. Comprometíase o Sr. Currás a iniciar a tramitación dos orzamentos no mes de outubro de 2012, e aprobalos definitivamente antes do 31 de decembro do ano pasado. Posteriormente houbo unha dobre comparecencia no mes de xaneiro anunciando que os orzamentos xa estaban ultimados, por certo con catro millóns de ingresos menos que hoxe, e aínda vendo os informes que están dentro deste expediente e a tenor de que estamos as portas do mes de maio, é evidente que a aquela altura distaban moito de xa estar rematados.

En calquera caso, a cronoloxía dos feitos é suficientemente elocuente por si soa, e ese retraso inxustificable tivo e ten consecuencias, pois os orzamentos non estarán aprobados de xeito definitivo ate posiblemente o mes de xuño, o que xa ten obrigado, por exemplo, a facer modificacións chapuceiras dun orzamento recién prorrogado para pagar as facturas pendentes de SERMASA, ou para garantir a continuidade da gardería de Salgueiriños.

Se se puidera ter debatido o segundo punto desta orde do día, hoxe estaríamos falando precisamente dunha das posibles consecuencias que poida ter esta tardanza, que sería o baixo nivel de execución de investimento. Así, no capítulo VI houbo un nivel de execución do 21,7%, e no capítulo VII dun 13,37%, é dicir, entre os capítulos VI e VII non se chegou a un nivel de execución do 20%, o que supón que de cada 100 euros dispoñibles para investimento o ano pasado, o goberno municipal non foi capaz nin de investir 20, ou que de 31,3 millóns que tivo á súa disposición para facer investimento na cidade, deixou sen gastar máis de 25 millóns de euros.

Engade o concelleiro que sen lugar a dúbidas, se hai algo chamativo neste expediente é que dentro del figure un informe da Deputación da Coruña, pois é a primeira vez que o Concello de Santiago ten que pedir un informe xurídico á Deputación para que diga se está ben ou non a proposta do orzamento do Concello de Santiago. A pregunta ante tal feito é obrigada: non se fía o goberno dos informes da asesoría xurídica e da intervención deste Concello?, non cree que teñen a cualificación suficiente para poder discernir se unha proposta de orzamento é legal ou non, e se se pode seguir ou non coa súa tramitación?.

No tocante ao fondo, cómpre facer unha análise de onde veñen os ingresos e cara onde van os gastos.

No que respecta aos ingresos, estamos a falar dunha previsión de 96,5 millóns de euros, é dicir, 3,9 millóns máis que o exercicio pasado. Eses novos ingresos proveñen fundamentalmente da suba do 5,74% dos impostos directos, cuns aumentos porcentuais moi grandes no que atinxe ás multas de tráfico, coas que se prevé recadar un 14% máis que en 2012. No caso concreto do IBI, o goberno pensa recadar 2.867.000 euros máis da veciñanza, por certo, sen aceptar ningunha das propostas do BNG de cara a aumentar as

bonificacións para as familias que peor o están a pasar, nin gravar as vivendas baleiras, un bo exemplo da “sensibilidade social” do partido popular. Ao fío da cuestión, aproveita o Sr. Cela para pedir que o goberno rectifique e bonifique o recibo do IBI a quen de verdade o precisa, e penalice aos que teñen cinco, seis, sete ou unha dúcia de pisos baleiros.

Con respecto aos gastos, dixo a concelleira que o orzamento está sustentado en catro grandes eixos, que son as políticas activas de emprego e carácter inversor, blindaxe do gasto social e dos servizos públicos, apoio aos sectores produtivos, e loita contra o fraude fiscal, e o BNG podería subscribir ún por ún eses obxectivos, pero o problema non é a literatura que acompaña a este orzamento, senon os números. Así, con respecto ás políticas de emprego é certo que existe un aumento do 112% do capítulo destinado a emprego, pero non se duplica a costa de facer un grandísimo esforzo, senón porque a partida que existía o ano pasado era ridícula, tal e como denunciara o BNG a tenor do problema tan grave que supón a presenza en Compostela de 9.800 desempregados. Novecentos mil euros representan o 0,97% do orzamento de gasto consolidado, é dicir, non se vai dedicar nin un 1% do gasto ao principal problema da nosa cidade. Esta, supostamente, tamén era a prioridade do orzamento do ano pasado, e só hai que ver o traballo que se realizou e o resultado, que aínda que non sexa imputable en exclusiva ao concello, é moi contundente, pois temos un 5% máis de desemprego que fai doce meses.

Con respecto ao gasto social, falou a concelleira dun blindaxe do mesmo, pero só hai que analizar as cifras para ver se existe ese blindaxe. Así, a partida para “emigración e inmigración” sofre unha redución do 20%, e se se deixan dun lado os gastos de persoal, a baixada para actividades é do 53%, ó que hai que engadir a redución aplicada pola Xunta de Galiza dun 35%. Polo que respecta á partida de “benestar social”, a pesar dunha suba formal de 60.000 euros, un 10%, o que nos atopamos é coa desaparición da partida “acción social-subvencións a institucións sen ánimo de lucro” por valor de 100.000 euros, polo que o resultado neto sería de menos 40.000 euros. A partida de servizos sociais baixa un 1%, pero a baixada de transferencias da Xunta de Galicia para servizos sociais é dun 16%. Fala o goberno tamén dunha suba do 26% en educación, pero do que non falan é que deses cartos, 700.000 euros se corresponden con partidas de recoñecemento extraxudicial, incluídas as de Sermasa, é dicir, a partida destinada a educación nun sube un 26%, senon un 1%.

Polo que ten que ver co esforzo inversor, é certo que o capítulo VI de investimentos reais aumenta un 101,45%, é dicir, duplica o anterior, pero o problema radica en que aínda que o pouco o multipliquemos por dous, non quere dicir que se converta en moito. Estamos diante do peor orzamento de investimentos das últimas décadas, en concreto en 2012 se orzamentaron para a capital de Galiza 3, 7 millóns de euros, e agora se fai por 7,6, menos incluso que o de 2011 que era 8,6, pero incorpóranse os de Emuvissa por máis de 3 millóns de euros, é dicir, case a metade do capítulo VI son investimentos de

EMUVISSA, que antes non se contabilizaban así. Se seguira existindo EMUVISSA, hoxe o goberno local presentaría un capítulo VI de catro millóns e medio de euros, dos cales, por certo, dous millóns e medio se corresponderían cos créditos de URBANA NORTE.

Se analizamos o capítulo VII, transferencias de capital, o resultado aínda é peor, pois en 2012 había un orzamento de 3 millóns de euros, que se reducen a 1,8, centrados básicamente en dúas actuacións, a da Praza de Abastos e a da Área de Vista Alegre, vellas coñecidas.

Pese aos gobernos supostamente amigos na Deputación, na Xunta, e no Estado, conséntase como os investimentos importantes veñen aínda da etapa anterior, e vemos como o ano pasado a grande novidade dos investimentos foi a do Parque de Ramírez, e este ano é o campo da festa de Nemenzo. Nótase que esta é a capital de Galiza.

Sobre a contención do gasto, opón o concelleiro que o capítulo II de gastos ascende a 35 millóns de euros, é dicir, un 6,16% máis, incrementando máis alá dese Ive ou dese IPC ao que facía referencia a Sra. Sierra. Sobre de todo, non deixa de ser curioso que despois de todos os recortes realizados ós traballadores e traballadoras públicos, hoxe o goberno presente unha proposta de crear unha nova dirección de área de contratación e persoal, que nos custará 72.000 euros máis, un comisario político para controlar as áreas que comentaba naquel PDF que se lles escapara e onde calificaban aqueles departamentos como os máis problemáticos. Pregunta o concelleiro se é precisa a creación deste posto, e di que é normal que os traballadores deste concello estean indignados e é normal que hoxe saian novamente á rúa a protestar, porque en conxunto estes orzamentos recollen unha nova rebaixa de 665 mil euros en relación coas obrigas recoñecidas no orzamento de 2011, tal e como se plasmara no plan de axuste.

A seguir, engade o concelleiro que hai baixada de ata un 85% nas actividades de medio ambiente, un 10% en cultura, un 14% en política cultural, un 12% en relacións veciñais, un 19% en instalacións deportivas, e rebaixas importantes tamén no ámbito das subvencións nominativas.

Falou tamén a concelleira dunha mellora na inspección fiscal, e o BNG está de acordo, sempre e cando sexa para que non saia beneficiado quen incumpre coas obrigas da colectividade, pero sen excepcións, e agarda que desa inspección non se libre tampouco a igrexa católica e ó final do exercicio o goberno poida informar que este concello está a cobrar o IBI a todas as propiedades que non están exentas polo Concordato, como pisos, prazas de garaxe, fincas, ou establecementos de hostalería.

Por último, quere facer o concelleiro unha referencia expresa á maquillaxe contable deste orzamento. No cadro de remanentes aparecen pagos realizados pendentes de

aplicación orzamentaria, é dicir, que no momento que se integre totalmente EMUVISSA na estrutura do Concello, habería que integrar tamén esta partida, e a pregunta é simple: onde están os créditos orzamentarios necesarios para regular a disolución de EMUVISSA?, porque unha cousa é pagar a débeda, e outra regularla orzamentariamente. Di tamén que na conta 413, de 1.633.000 euros, acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, hai 700 mil na partida de educación, e pregunta o Sr. Cela onde está o resto dos créditos, e por último pregúntase que se a Xunta de Galiza orzamenta en 2,29 millóns de euros o Estatuto da Capitalidade, por que o Concello orzamenta 2,7 millóns, creando un desfase artificial de 400 mil euros na partida de ingresos. Remata a súa intervención o Sr. Cela dando a benvida en nome do BNG ao novo concelleiro, Sr. Rosende Rico.

Don Francisco Reyes intervén a continuación, e en primeiro lugar, en nome do grupo municipal do PSdeG-PSOE da a benvida como novo concelleiro e compañeiro desta Corporación ao señor Rosende Rico.

Da intervención da Sra. Sierra afirma que a concelleira de facenda consumiu o 50% do tempo que tiña para presentar os orzamentos do 2013 en falar do pasado, unha vez máis, pero a pura verdade é que hoxe xa estamos no segundo orzamento desta lexislatura e o goberno aínda está a falar do pasado. Compréndese que fale do pasado, porque falar do presente é moito máis duro. Os últimos datos da enquisa de poboación activa din que na nosa Compostela temos trece mil catrocentos veciños e veciñas que buscan un traballo pero que non o atopan. Estamos xa no 25,19% da taxa de paro, temos superado a media de Galicia, que está nun 22,35%, e temos superado mesmo a unha cidade industrial que está a sufrir de maneira moi especial o tema do paro, como é Vigo, e iso desgraciadamente é a realidade da nosa cidade.

O concelleiro esperaba escoitar falar do futuro, e falar dos orzamentos, uns orzamentos que novamente chegan tarde, probablemente debido a serias dificultades de poñer de acordo ó que xa todo o mundo reconece publicamente nas rúas de Santiago como bipartito do Partido Popular.

O goberno pasou meses movendo papeis dun lado para outro dentro da área económica, e aínda que conta cunha concelleira, tres interventores, dous tesoureiros, e unha directora da área económica, houbo que pedir informe á Deputación. O partido socialista obviamente se suma á pregunta do representante do BNG, e que non ten o goberno municipal confianza na profesionalidade dos tres interventores que traballan neste concello?.

Obsérvanse ata catro remesas de información á intervención, e ademais se envía o expediente do orzamento ao secretario porque hai problemas coa aprobación das novas bases de execución. Na memoria repítese continuamente a expresión de “orzamento

base cero”, e isto significa, seguindo os ditados do profesor Pyhrr, que o goberno ten feita a análise dos paquetes de decisións, porque senon non se pode falar de orzamento en base cero. En consecuencia, solicita do goberno municipal que se lle faciliten os paquetes de decisións sobre os que está elaborado este orzamento en base cero, para ter preciso coñecemento de cales foron os criterios e a metodoloxía para a súa integración, xa que non hai no expediente ningunha referencia, nin descrición cuantitativa respecto da situación.

Engade o concelleiro que é sorprendente que na memoria non se faga ningunha referencia cuantitativa ás realidades de Santiago, nin en emprego, nin en gastos sociais. Parece máis ben unha memoria da Xunta de Galicia, porque se fala dela pero non hai nin unha soa referencia a Santiago de Compostela, o que é sorprendente, porque o señor alcalde sempre riñe á oposición porque ás veces fala dos datos que non son exclusivos de Santiago. Tamén se queixa o concelleiro de que a memoria non estea redactada en galego, e xulga de sorprendente que tendo aprobado fai pouco unha declaración institucional do Concello de Santiago para a celebración do día internacional da muller, o enfoque de xénero non se plasme no orzamento, o que debería levarse a cabo, alomenos, nas partidas de gasto.

O goberno di que blinda as políticas activas e preventivas de emprego, e a verdade é que o que se incrementa na clasificación orgánica do orzamento é a transferencia de partidas do capítulo I a este programa, porque a verdade é que un programa de 22.164 euros, no conxunto de actividades de promoción de emprego, baixa un 20,37%, non medra nun 112% como di a concelleira. Tamén se dixo que o orzamento tiña un carácter inversor, e ao fío desta afirmación opón o Sr. Reyes que o 66,6% de todo o orzamento inversor para este 2013 son urbana e ARI, é dicir programas da herdanza recibida. Tamén se di que o orzamento blinda, pero o único que se fai é manter unha política de mudar prestacións por dereitos sociais, a caridade, porque as subvencións ás organizacións non lucrativas, particularmente ás que non teñen unha orientación confesional, baixan con respecto ao ano pasado nun 5,43%. Os servizos sociais baixan un 1%, e con respecto aos últimos orzamentos que se fixeron por un goberno de progreso, descenden no 2013 un 37,07%.

En educación plantexase unha subida do 26,06%, subida que non é tal, porque o que fai o goberno é incorporar recoñecementos extraxudiciais de créditos, é dicir, gastos que xa se fixeron no 2012, que unha vez detraídos da partida a deixan diminuída nun 1,07%.

Con respecto a Medio ambiente, e se restamos o Programa Urbana, que supón un 27,12% do total, a partida baixa un 0,05, non sube o 37,22% como declara o goberno. En tráfico e mobilidade, é certo que a partida se incrementa un 2,02%, pero o 92% desa subida é incremento do déficit do transporte para a concesionaria. En cultura non se

respecta nin ao señor alcalde, que é o concelleiro de cultura, porque se recoñece unha baixa do 4,28%.

No que atinxe ós gastos de persoal, dise que baixan nun -0,4%, pero iso non é certo, porque a comparación se fai co orzamentado no 2012, e a verdade é que de entrada debería compararse cos créditos totais. As obrigas recoñecidas eran de 27 millóns, polo tanto o que pasa de verdade cos orzamentos de persoal é que medran un 8%, pero curiosamente non medran porque medre a produtividade, que baixa, porque medre a acción social, que baixa, ou porque medre o número de traballadores, que descende precisamente por cinco traballadores que se xubilan. Medran os orzamentos de persoal porque se inclúen dous novos xefes de servizo e un novo director de área.

Para Dona Cecilia Sierra, que volve a intervir neste momento, como sempre e unha vez máis os dous portavoces parece que se poñen de perfil cando se fala da herdanza recibida, e parece que a cousa non vai con eles. Cando a Sra. Sierra estaba na oposición, non cobraba unha dedicación, pero polo menos enterábase do que pasaba, ía ao fondo das contas, e por ese motivo no ano 2010 foi cando o grupo popular propuxo un pacto de goberno para tentar mellorar a situación de crise que estaba golpeando a todos os cidadáns de Santiago.

A seguir, e no tocante ós programas de emprego que figuran dentro do orzamento, quere ofrecer a concelleira datos que ela considera tremendamente elocuentes: no ano 2007 había un millón de euros dentro do programa, no 2010, ascendeu a 434.258,59 euros, e no 2011 baixou a 383.047,82 euros. No ano 2012, cando entra a gobernar o partido popular, a dotación sube a 441.971,09 euros, e no 2013 a 936.244,94 euros. Os números son os que falan, e neste caso fano dun compromiso do grupo de goberno coa situación actual dos cidadáns de Santiago de Compostela.

Con respecto aos gastos, o grupo socialista, a través dunha emenda, propón que se reduzan os gastos diversos e sobre ese pedimento a Sra. Sierra explica que no ano 2010 o goberno bipartito liquidou gastos diversos por 977.573,39 euros, case 1 millón de euros, mentres que o goberno popular liquidou 2012 con 356.867,85 euros, froito dunha política responsable de control de gasto, e de control de gasto superfluo, que é do que se trata.

No que atinxe ao IBI, efectivamente se produce unha subida, consecuencia dunha ponencia de valores que foi proposta polo señor Bugallo, esa é a realidade. Amósase feliz a concelleira diante das intervencións dos grupos da oposición, pois non falan do fondo da cuestión e se van polas ramas, tratando de cuestións de xénero ou de expedientes no orzamento, pero á hora da verdade, non analizan o que implica este presuposto para os cidadáns de Santiago.

No que ten que ver coa política social, di a concelleira que efectivamente houbo que facer un trasvase de fondos ás MAPIS, porque dáse a circunstancia de que a emerxencia social nestes momentos ten que primar sobre outras cuestións. As organizacións sociais que prestan un servizo sen precedentes á comunidade, gozan dunha subvención que o ano pasado xa se subiu nun 100%, e están desbordadas, co cal o Concello ten que aumentar as súas MAPIS en máis de 100 mil euros.

Os grupos da oposición non son os máis apropiados para falar de investimentos, pois eles si deixaron investimentos arrastrados sen executar, financiados con débeda por máis de quince millóns de euros, que supoñen un gran lastre no orzamento. Esa é a realidade, e eso é debido ao grao de execución dos capítulos VI e VII. Os orzamentos do ano 2012 foron liquidados en máis do 50%, pese ó lastre que supón a incorporación dos investimentos que o goberno anterior no seu momento financiou con débeda e non foi capaz de executar mercede a unha xestión nefasta.

No que atinxe aos gastos, di a concelleira que o goberno anterior nunca presupostaba o IPC.

Don Rubén Cela, que intervén a seguir, indica que no capítulo VI, de sete millóns de euros, 2,5 son do programa urbana, por certo herdanza do goberno anterior, xa que falamos de herdanzas. A concelleira fala do programa de emprego e di que os números son os que falan, e claro que falan os números, e o concelleiro pregunta así se a Sra. Sierra coñece cal é a taxa de paro e o número de parados no ano 2008 e a taxa de paro que hai hoxe en Santiago de Compostela. Os datos da enquisa de poboación activa publicados hoxe falan de 6.200.000 persoas no estado español en situación de desemprego, e case 2.000.000 de fogares nos que non traballa ningún dos seus membros. En Galiza son 93.000 os fogares onde non traballa ninguén, e estes datos si que son elocuentes, e eses datos si que falan de que é evidente que non hai que facer nin as mesmas políticas, nin nas mesmas cuantías.

Con respecto ao IBI, o BNG fixo unha proposta moi concreta neste pleno, que era reducir o tramo municipal, dato no que o Concello podía incidir, e que permitiría que hoxe poderíamos estar falando de non recadar eses tres millóns de euros a costa dos veciños. En calquera caso, a revisión da ponencia de valores está feita pola xerencia rexional do catastro, non polo Concello, e non é normal que paguen o mesmo recibo do IBI unha familia que está cos seus membros en paro ou cobrando un salario mínimo que unha familia que ten sete, oito, nove ou dez pisos en Santiago, e iso foi o que propuxo o BNG obtendo unha negativa por resposta. A mellor política social que pode haber, dende logo, é que haxa postos de traballo, e que a xente non teña que acudir á beneficencia, e é evidente que hai que apoiar todas as medidas para cubrir as necesidades materiais de vida, porque por desgraza hoxe temos máis de cinco mil familias en Santiago con serios problemas para chegar a finais de mes.

Fronte á crítica da concelleira de que os grupos da oposición non entraron no fondo do orzamento, opón o concelleiro que quen non entra no fondo é a Sra. Sierra, á que fixo catro preguntas moi concretas que quedaron sen resposta, o que si é pasar de perfil. Preguntoulle en concreto onde están os créditos orzamentarios necesarios para regularizar a entrada de EMUVISSA, ou por ese millón seiscientos mil á parte deses setecentos mil que aparecen en educación, ou por onde están recollidos o resto dos créditos, e preguntoulle porque se a Xunta cuantifica en 2.200.000 euros o Estatuto da Capitalidade, o goberno inclúe 2.700.000 euros no orzamento de Santiago, ou a que se debeu a necesidade de pedir ese informe á Deputación da Coruña.

En calquera caso, o seu grupo opina que estes son uns orzamentos que chegan tarde, que chegan mal, que chegan arrastras, que evidencian un problema de xestión neste concello en xeral, e na área financeira en particular. Froito deste problema de xestión é o espectáculo ao que asistimos estes días ao falar da liquidación do orzamento de 2012, pois un día a débeda deste concello era de sesenta millóns de euros, tres días despois son sesenta e catro millóns de euros, un día se di a unha pregunta que o grupo BNG efectuou na Comisión de Facenda que non houbo ningún cambio nos criterios de valoración, e outro día resulta que si que houbo un criterio, que quen estaba equivocado era o Ministerio, parece ser; un día se reducen tres millóns, e ó día seguinte xa non reducimos nada. En calquera caso, debaixo de toda esa operación de maquillaxe contable, que non é precisamente pouca, o que se atopa son uns orzamentos que dende logo non son os que se corresponden coas necesidades que ten hoxe a cidadanía de Santiago.

Cita o concelleiro a Zeca Afonso, hoxe que é 25 de abril, e nese himno que hoxe se repite en Portugal, do Grándola Vilamorenna, unha das súas estrofas fundamentais é “o pobo é quen máis ordena” e iso vai referido tamén a unhas institucións ao servizo das persoas e non as persoas ao servizo das institucións ou dos estamentos económicos, e nese sentido o que habería que pensar é en orzamentos pensados para a xente, e dende logo os actuais non encadran nesta idea.

Don Francisco Reyes intervén a seguir, e di que o que desexa o seu grupo é poñerse de fronte ao futuro e ás realidades de Santiago, pero a concelleira de facenda non o permite porque está sempre a falar do pasado, ademais dun xeito sesgado. Sobre o tema do IBI, do que xa se falou noutra ocasión, lembra o concelleiro que na páxina sete do plan de axuste, aprobado polo actual goberno, dise que se contemplan as seguintes medidas dentro das subidas tributarias: actualización das bases impositivas do IBI, corrixiendo a redución do incremento de valores aprobado en 2009. Iso significa que o mesmo goberno municipal reconece no Plan de Axuste que o IBI non estaba alto, e así asume un incremento do 6% do IBI nun momento no que o que non están a subir son as pensións, no que non están a subir son as prestacións dos parados, e no que non están a

subir son os salarios dos moitos empregados públicos que viven e consumen nesta cidade.

O goberno municipal sempre está a falar de facturas no caixón, mesmo presentou unha denuncia diante do Tribunal de Contas en Madrid con respecto ás mesmas, e o señor interventor recoñece no seu informe de liquidación 1.633.806 euros de facturas no caixón. O certo é que a débeda medrou, porque pasou ata 67,73% dos ingresos correntes, e a de 2011, se lle restamos a participación nos ingresos do Estado, sería do 64,6%, o que dá idea da xestión do goberno actual, cunha porcentaxe de execución en investimentos que non chega ao 20%, nunha cidade con 13.400 persoas en desemprego, con 1.000 locais comerciais baleiros, coas empresas como DUCO marchando a outros municipios, a outros concellos, ou cos ERES que cada día están a afectar a nosa cidade. Tamén fala dona Cecilia dos pagos a provedores, pero opón o Sr. Reyes que o goberno municipal actual non pode afirmar que os mellora se presenta máis de 17 millóns e medio de débedas a provedores, mentres hai case 16 millóns de fondos líquidos. O ano pasado, o Concello pagou perto de 50.000 euros de intereses por ter pagado tarde, o que evidencia un claro problema de xestión, que persiste tamén agora de cara ao 2013. O peor de todo non é que os números non saian, senon que o goberno municipal tentou presentalos de maneira que puidera confundir aos veciños e veciñas de Santiago. Pregunta seguidamente o Sr. Reyes se é exemplo de boa xestión unha factura dunha noite de hotel de seis mil euros, un millón das antigas pesetas, que é unha das facturas no caixón, e que por certo non é do anterior goberno.

Remata a intervención anunciando que o seu grupo obviamente non vai apoiar a proposta de orzamentos do 2013.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde, que di ao Sr. Reyes que espera que poida traer a factura á que acaba de referirse, porque probablemente se non o fai terá que responder a algo máis.

O Sr. Reyes fala de paro, de ERES, de despidos, e de 13.400 persoas sen traballo en Compostela, pero hai persoas que teñen dous, como é o caso de D. Francisco Reyes, que o mes pasado presentou ó Pleno unha solicitude de compatibilización de dous traballos, en dúas administracións públicas. Pregunta o Sr. Alcalde se o concelleiro sigue en situación irregular, pois se está cobrando do Concello de Santiago e da Universidade de Vigo terá tamén que dar explicacións, dado que o Pleno non lle outorgou a compatibilidade.

A seguir, di o Sr. Alcalde non entender a alusión ao enfoque de xénero e a súa plasmación no orzamento, e no que atinxe á baixada do 4% na partida de cultura afirma que aínda con ese descenso, o goberno actual fai o dobre que o anterior, porque non gasta cincuenta mil euros no apalpador. Cree o Sr. Currás que o Sr. Cela non entende o

orçamento, pois unha cousa é un remanente presupostario e outra cousa é un remanente de tesourería. Sobre a xestión da área económica, indica o sr. Alcalde que nela aínda non houbo máis que unha concelleira en todo o tempo transcorrido de lexislatura, a diferenza do que fixo o goberno anterior, que cambio dúas veces en cada lexislatura.

Explica o Sr. Alcalde a continuación que no 2011 a partida de emprego ascendía a 382.000 euros e no ano 2013 a 936.000; a de gastos diversos no ano 2011, a case un millón de euros e no ano 2012 a 350.000. Por outra banda, e diante da crítica do sr. Cela de que non se gravan as vivendas baleiras, pregunta o sr. Currás quen fixo sete mil vivendas hoxe baleiras nesta cidade, quen se encargou de construír nesta cidade miles de vivendas que agora están baleiras e que ademais están xerando un problema de sostibilidade ao concello. Dende logo, o responsable é o goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, que agora pretenden que se grave o desmán que levaron a cabo.

O gasto social sube o 27%, e isto é unha realidade incuestionable, pero os concelleiros da oposición falan de todo menos de algo sobre o que lles debera caer a cara de vergoña, porque hai que incluír no orzamento 2,6 millóns de euros por unha sentenza do Tribunal Supremo en contra do planeamento da finca Peleteiro, que advirte de irregularidades claras e manifestas.

Aconsella a seguir que o señor Reyes e o señor Cela non menosvaloren os investimentos no rural, pois cando se refiren á pista de Nemenzo ridiculizan un investimento dun concello no rural, e o rural de Santiago ten o mesmo dereito que o resto da cidade a ter investimentos e dotacións.

Finalmente, o Sr. Alcalde indica que a partida de educación sube un 26%, e algo que o goberno anterior non foi quen de xestionar, os comedores escolares, está a facerse por este goberno, para apoiar a conciliación da vida laboral e familiar das familias nos propios centros educativos.

Don Francisco Reyes intervén por alusións para solicitar que conste na presente acta a ameaza verquida públicamente polo señor alcalde, e para facer unha rectificación no que atinxa á factura por gastos de hotel á que se referiu con anterioridade, pois non se trata dunha noite de pernocta senon de varias.

Con respecto ao comentado sobre a súa situación de compatibilidade, explica que solicitou en tempo e forma a declaración de compatibilidade, e que non é responsable do retraso acontecido para non traer a solicitude a Pleno, máxime cando a Universidade de Vigo xa remitiu ó Concello toda a documentación requirida

Para o Sr. Alcalde, cambian moito as cousas se os 6000 euros corresponden a varias noites de hotel, e se en lugar dunha persoa son vinte as aloxadas. Da situación do Sr. Reyes, indica que hai catro meses que é irregular, pois compatibiliza dous traballos na función pública sen a preceptiva compatibilidade.

Rematado o debate, vistos os informes que obran no expediente, e de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal popular e 12 votos en contra correspondentes aos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, acorda:

1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do concello para o ano 2013, que consolidado ofrece os seguintes resúmenes:

ORZAMENTO CONSOLIDADO

CAPÍTULO	INGRESOS	GASTOS
1	41.540.024,40	31.998.926,58
2	4.217.231,11	36.647.827,32
3	18.905.979,28	1.888.724,00
4	29.420.022,53	7.804.836,36
5	880.215,20	0,00
TOTAL CORRENTES	94.963.472,52	78.340.314,26
6	116.000,00	7.662.778,01
7	4.203.696,19	1.838.398,23
TOTAL CAPITAL	4.319.696,19	9.501.176,24
TOTAL NON FINANCEIRAS	99.283.168,71	87.841.490,50
8	90.000,00	90.000,00
9	0,00	7.911.324,40
TOTAL FINANCEIRAS	90.000,00	8.001.324,40
TOTAL ORZAMENTO	99.373.168,71	95.842.814,90

O mesmo compónse dos seguintes orzamentos:

CONCELLO:

CAPÍTULO	INGRESOS	GASTOS
1	41.540.220,00	29.482.436,92

2	4.217.231,11	34.799.606,67
3	16.464.490,32	1.850.000,00
4	29.059.022,53	9.693.185,12
5	845.079,20	0
TOTAL CORRENTES	92.126.043,16	75.825.228,71
6	116.000,00	7.629.778,01
7	4.203.696,19	1.838.398,23
TOTAL CAPITAL	4.319.696,19	9.468.176,24
TOTAL NON FINANCEIRAS	96.445.739,35	85.293.404,95
8	80.000,00	80.000,00
9	0,00	7.911.324,40
TOTAL FINANCEIRAS	80.000,00	7.991.324,40
TOTAL ORZAMENTO	96.525.739,35	93.284.729,35

ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”:

CAPÍTULO	INGRESOS	GASTOS
1	0,00	879.480,07
2	0,00	920.951,03
3	487.195,64	11.000,00
4	1.315.033,76	0,00
5	26.201,70	0,00
TOTAL CORRENTES	1.828.431,10	1.811.431,10
6	0,00	17.000,00
7	0,00	0,00
TOTAL CAPITAL	0,00	17.000,00
TOTAL NON FINANCEIRAS	1.828.431,10	1.828.431,10
8	10.000,00	10.000,00
9	0,00	0,00
TOTAL FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO	1.838.431,10	1.838.431,10

SOCIEDADE MERCANTIL TUSSA:

	INGRESOS	GASTOS
1	0,00	861.031,66
2	0,00	584.466,00
3	1.645.722,42	0,00
4	0,00	0,00
5	105.119,05	0,00
TOTAL CORRENTES	1.750.841,47	1.445.497,66
6	0,00	16.000,00
7	0,00	0,00
TOTAL CAPITAL	0,00	16.000,00
TOTAL NON FINANCEIRAS	1.750.841,47	1.461.497,66
8	0,00	0,00
9	0,00	0,00
TOTAL FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO	1.750.841,47	1.461.497,66

SOCIEDADE MERCANTIL INCOLSA:

	INGRESOS	GASTOS
1	0,00	775.977,93
2	0,00	439.183,97
3	308.570,90	27.724,00
4	934.315,00	0,00
5	0,00	0,00
TOTAL CORRENTES	1.242.885,90	1.242.885,90
6	0,00	0,00
7	0,00	0,00
TOTAL CAPITAL	0,00	0,00
TOTAL NON FINANCEIRAS	1.242.885,90	1.242.885,90
8	0,00	0,00
9	0,00	0,00
TOTAL FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO	1.242.885,90	1.242.885,90

2.- Aprobar as bases de execución para o ano 2013, que teñen o seguinte contido:

“BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2013

ÍNDICE

PREÁMBULO

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Réxime xurídico do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2. Ámbitos funcional e temporal de aplicación.

Artigo 3. Contido do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4. Principios.

Artigo 5. Estrutura dos Orzamentos.

Artigo 6. Aplicación orzamentaria.

Artigo 7. Proxectos de investimento.

Artigo 8. Información ao Pleno do Concello sobre execución orzamentaria.

TÍTULO I. ORZAMENTOS XERAIS PARA 2013.

CAPÍTULO I. Créditos iniciais.

Artigo 9. Orzamentos que integran o Orzamento Xeral.

CAPÍTULO II. Orzamentos consolidados Concello de Santiago de Compostela, Organismos Públicos e Sociedades Mercantís de capital integramente municipal.

Artigo 10. Estados de consolidación do Orzamento Xeral.

TÍTULO II. ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO I. Determinación dos créditos do orzamento de gastos.

Artigo 11. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

CAPÍTULO II. Modificacións Orzamentarias

Artigo 12. Órganos competentes para a aprobación das modificacións orzamentarias.

Artigo 13. Tramitación e documentación das modificacións orzamentarias.

Artigo 14. Xeracións de crédito.

Artigo 15. Ampliacións de crédito.

Artigo 16. Servizos Novos.

Artigo 17. Especificacións das modificacións orzamentarias no Auditorio de Galicia.

CAPÍTULO III. Procedemento de execución do orzamento de gastos.

Sección 1ª. Fases de gasto

Artigo 18. Fases na xestión do Estado de gastos.

Artigo 19. Autorización e disposición de gastos.

Artigo 20. Documentos que justifican o recoñecemento da obrigaón.

Artigo 21. Ordenación de pagamentos e pagamento material.

Sección 2ª Control e fiscalización

Artigo 22. Fiscalización de gastos.

CAPÍTULO IV. Especialidades na tramitación de determinados procedementos de gasto.

Artigo 23. Gastos plurianuais e expedientes de tramitación anticipada.

Artigo 24. Expedientes de contratación condicionados a unha modificación orzamentaria.

Artigo 25. Recoñecemento extraxudicial de créditos e convalidacións.

CAPÍTULO V. Subvencións.

Artigo 26. Normas xerais

Artigo 27. Reintegros de subvencións.

Artigo 28. Subvencións nominativas

CAPÍTULO VI. Pagos a justificar e anticipos de caixa fixa.

Artigo 29. Pagos a justificar e anticipos de caixa fixa.

TÍTULO III. ORZAMENTO DE INGRESOS

Artigo 30. Compromiso e recoñecemento de dereitos

Artigo 31. Operacións de Tesourería

Artigo 32. Fiscalización de ingresos.

TÍTULO IV. PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN

Artigo 33. Normas Xerais.

Artigo 34. Procedementos de contratación

Artigo 35. Sociedades Municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Prórroga orzamentaria

Disposición adicional segunda. Indemnización de membros da Corporación e dotación económica para os grupos políticos municipais.

Disposición adicional terceira. Bens inventariables

Disposición adicional cuarta. Peche do exercicio

Disposición adicional quinta. Saldos de dubidoso cobro

Disposición adicional sexta. Permutas de bens inmoables.

Disposición adicional sétima. Estados integrados e consolidados.

Disposición adicional oitava. Amortización do Inmobilizado.

Disposición adicional novena. Anotacións contables derivadas de utilización de soportes electrónicos, informáticos ou telemáticos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. Integración da Sociedade Mercantil Municipsl EMUVISSA no Concello de Santiago de Compostela.

Disposición transitoria segunda. Rexistro de facturas.

Disposición transitoria terceira. Autorización do Ministerio para a devolución de ingresos indebidos procedentes da STC Peleteiro con cargo ao superávit do 2013.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Lexislación supletoria.

Disposición final segunda. Interpretación, desenvolvemento e aplicación das Bases de Execución.

Disposición final terceira. Obrigas de suministro da información previstas na LO 2/2012 de EOSF.

Disposición final cuarta. Regla de Gasto e Teito de gasto

Disposición final quinta. Marco orzamentario 2013-2015

PREÁMBULO

O Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2013, integrado polo orzamento do propio Concello, os dos seus organismos autónomos e os das sociedades mercantís das que é titular integramente, enmárcase no contexto da profunda crise económica pola que estamos a atravesar, que pon de manifesto a insuficiencia do actual modelo de financiamento local, xerando un importante desequilibrio entre os recursos dispoñibles e os gastos necesarios para o mantemento dos servizos públicos que demandan os cidadáns.

A necesidade de axustar a capacidade de actuación aos recursos realmente dispoñibles esixiu un notable esforzo de contención do gasto que afecta á práctica totalidade de capítulos, e moi especialmente ás transferencias correntes. No entanto, o feito de ser unha Administración eminentemente prestadora de servizos, condiciona a marxe de redución do gasto corrente. Con todo, dende 2012 realizouse un importante esforzo de contención, que puxo un especial acento en todos os gastos que están vinculados ao propio funcionamento da Administración.

Non entanto, é necesario seguir avanzando nestes principios tal e como quedan plasmados no Plan de Axuste 2012-2022 que, a efectos unicamente informativos, acompaña ao presente orzamento, Neste escenario, as presentes bases de execución adquiren unha especial relevancia, ao constituír a ferramenta a través da cal se garante

unha xestión capaz de dar cumprimento aos obxectivos orzamentarios e de pór un especial acento no uso adecuado dos recursos necesarios para o seu financiamento.

As principais modificacións introducidas nestas Bases de Execución do Orzamento con respecto ao exercicio anterior son as seguintes:

1.- Se da nova numeración, orde e estrutura ós artigos que compoñen as Bases de Execución do Orzamento 2013. Se crean disposicións transitorias, disposicións adicionais e disposicións finais además do articulado principal que se divide nun preámbulo, nun título preliminar e catro títulos cos seus respectivos capítulos.

2.- Nos Proxectos de investimento (artigo 7), calquera modificación, alta, finalización ou supresión dos mesmos deberá ser solicitada polos responsables do proxecto de investimento á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, que deberá emitilo correspondente informe sobre a dita solicitude. Así mesmo, a información sobre a execución orzamentaria e modificacións aprobadas pola Concelleira delegada de Facenda a remitir ao Pleno, se levará a cabo por conducto da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto (artigo 8). As aplicacións orzamentarias serán competencia da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto (artigo 11).

3.- Se regulan no artigo 11 os diferentes niveis de vinculación xurídica dos créditos.

4.- O órgano competente para dispoñer gastos na aplicación de protocolo será a xefa de protocolo que será a responsable de asina-la conformidade das facturas e realiza-las propostase a tramitación do gasto (artigo 18).

5.- As modificacións orzamentarias se regulan no Capítulo II do Título II. O procedemento se regulará en cada caso por Decreto da Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación.

6.- Se introducen no Capítulo IV do Título II especialidades na tramitación de determinados procedementos de gasto.

Artigo 23. Gastos plurianuais e expedientes de tramitación anticipada.

Artigo 24. Expedientes de contratación condicionados a unha modificación orzamentaria.

Artigo 25. Recoñecemento extraxudicial de créditos e convalidacións.

7.- Se exclúe do Título IV, a necesidade nos contratos menores de contar con tres orzamentos, e a fiscalización previa pola Intervención municipal.

8.- Na disposición adicional segunda se regulan as indemnizacións de membros da corporación, se introduce unha excepción para o caso dos proxectos europeos nos que participe o Concello de Santiago de Compostela.

9.- Se introducen catro disposicións adicionais cunha regulación novidosa:

Disposición adicional sexta. Permutas de bens inmobles.

Disposición adicional sétima. Estados integrados e consolidados.

Disposición adicional oitava. Amortización do Inmobilizado.

Disposición adicional novena. Anotacións contables derivadas de utilización de soportes electrónicos, informáticos ou telemáticos.

10.- Se introducen tres novas disposicións transitorias:

Disposición transitoria primeira. Integración da Sociedade Mercantil Municipsl EMUVISSA no Concello de Santiago de Compostela.

Disposición transitoria segunda. Rexistro de facturas.

Disposición transitoria terceira. Autorización do Ministerio para a devolución de ingresos indebidos procedentes da STC Peleteiro con cargo ao superávit do 2013.

11.- Se introducen cinco novas disposicións finais:

Disposición final primeira. Lexislación supletoria.

Disposición final segunda. Interpretación, desenvolvemento e aplicación das Bases de Execución.

Disposición final terceira. Obrigas de suministro da información previstas na LO 2/2012 de EOSF.

Disposición final cuarta: Regla de gasto e Teito de gasto

Disposición final quinta. Marco orzamentario 2013-2015

TÍTULO PRELIMINAR DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Réxime xurídico do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

O Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela elabórase, executa e liquida de acordo coa normativa legal e regulamentaria vixente, co disposto nas

presentes Bases de Execución, e cos regulamentos ou normas xerais, instrucións e circulares aprobadas polos órganos municipais competentes.

As posibles dúbidas na aplicación destas bases serán resoltas polo/a Concelleiro/a delegado/a de Facenda. Poderá, en caso de que así o considere, solicitar os informes que estime oportunos.

Artigo 2. Ámbitos funcional e temporal de aplicación.

1. As presentes Bases aplicaranse á execución e xestión dos Orzamentos do Concello, dos Organismos Públicos e das Sociedades Mercantís de capital íntegramente municipal, nos termos en que para cada unha das devanditas entidades se especifique.
2. A súa vixencia coincide coa do Orzamento Xeral, polo que en caso de prórroga deste, as presentes Bases serán de aplicación ata a entrada en vigor do novo orzamento.

Artigo 3. Contido do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

O Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, intégrase por:

- a) O orzamento do Concello de Santiago de Compostela.
- b) O orzamento do Organismo Autónomo dependente: Auditorio de Galicia.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertence íntegramente ao Concello de Santiago de Compostela: INCOLSA E TUSSA.

Artigo 4. Principios.

A execución do orzamento rexeráse polos principios orzamentarios xerais entre os que se atopan o de anualidade, universalidade, orzamento bruto, especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos, unidade de caixa así como polo principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais naqueles artigos nos que manteña a súa vixencia.

Artigo 5. Estrutura dos Orzamentos.

1. O orzamento do Concello e dos seus Organismos Autónomos estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se

aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (en diante Orde EHA/3565/2008) .

2. Os orzamentos de Gastos do Concello de Santiago de Compostela e os seus Organismos Autónomos estrutúranse conforme ás seguintes clasificacións:

- a) Orgánica, con tres niveis de desagregación.
- b) Por Programas, segundo ao Anexo 1 das presentes Bases, con cinco niveis de desagregación: área de gasto, política de gasto, grupo de programa, programa e subprograma.
- c) Económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

3. Os Orzamentos de Ingresos do Concello de Santiago de Compostela e os seus Organismos Autónomos estrutúranse conforme ás seguintes clasificacións:

- a) Económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

Artigo 6. Aplicación orzamentaria.

1. Dacordo co disposto no artigo 6 da Orde EHA/3565/2008, a aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica, a dez díxitos, segundo o establecido no artigo 5.2 destas Bases co seguinte detalle:

ORGÁNICA

POR PROGRAMAS

ECONÓMICA

--	--	--

--	--	--	--	--

--	--	--	--	--

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 11 das presentes Bases, respecto da definición de crédito a nivel de vinculación xurídica, a aplicación orzamentaria constitúe a consignación de crédito orzamentario sobre a que se efectuará o rexistro contable das operacións de execución do gasto.

O control fiscal realizarase ao nivel de vinculación que se establece no citado artigo 11.

3. Decláranse expresamente abertos todos os subconceptos que se contemplan na Orde EHA/3565/2008.

Artigo 7. Proxectos de investimento.

1. O capítulo 6 "Investimentos Reais" componse de proxectos de investimento cuxa codificación e denominación inclúese no Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral para o exercicio 2013.

2. Calquera modificación, alta ou supresión dos mesmos deberá ser solicitada polos responsables do proxecto de investimento á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, que deberá emiti-lo correspondente informe sobre a dita solicitude.

3. O acordó será sometido á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

4. Unha vez rematado o investimento os responsables deberán comunicar o peche do proxecto de investimento á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, e á Intervención Xeral.

Artigo 8. Información ao Pleno do Concello sobre execución orzamentaria.

1. A Intervención Xeral, con periodicidade mensual, e por conducto da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, remitirá á Secretaría Xeral do Pleno, para que esta poña a disposición dos Concelleiros, a información sobre a execución dos orzamentos así como do movemento da tesourería por operacións orzamentarias independentes auxiliares do orzamento e da súa situación. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada a nivel de Orgánica-Programa-Subconcepto.

2. A Dirección de Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, remitirá á Secretaría Xeral do Pleno, con periodicidade mensual, información das modificacións orzamentarias que fosen aprobadas pola Concelleira de Facenda e que estean rexistradas na Contabilidade municipal. A información a remitir para cada modificación orzamentaria consistirá nunha copia do Decreto e o resumo da Memoria.

TÍTULO I ORZAMENTOS XERAIS PARA 2013 CAPÍTULO I Créditos iniciais

Artigo 9. Orzamentos que integran o Orzamento Xeral.

1. En termos agregados o Orzamento Xeral sen consolidar ascende a 93.284.729,35 euros no estado de gastos e a 96.525.739,35 euros no Estado de Ingresos.

2. No orzamento do Concello de Santiago de Compostela e dos seus Organismos Autónomos apróbanse créditos polas contías que se anexan no Proxecto de Orzamentos, que se financiarán cos dereitos a liquidar por igual contía.

3. Apróbanse os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital pertence íntegramente ao Concello de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO II

Orzamentos consolidados Concello de Santiago de Compostela, Organismos Públicos e Sociedades Mercantís de capital íntegramente municipal.

Artigo 10. Estados de consolidación do Orzamento Xeral.

En aplicación do disposto no artigo 166.1.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (en diante Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), unha vez eliminadas as operacións internas, segundo o previsto no artigo 117 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos, o estado de consolidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela, cos orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís ascende 95.842.814,90 euros nos Gastos e 99.373.168,71 euros nos ingresos, cun superávit de 3.530.353,81 euros.

TÍTULO II

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO I

Determinación dos créditos do Orzamento de Gastos.

Artigo 11. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foran autorizados no orzamento xeral o unas súas modificacións debidamente aprobadas, tendo carácter limitativo e vinculante. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante segundo os niveis que se establecen a continuación:

- Capítulo 1. Gastos de persoal:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos
- b) Clasificación por programas: Área de gasto.
- c) Clasificación económica: Capítulo

- Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos
- b) Clasificación por programas: Área de gasto.

c) Clasificación económica: Capítulo

- Capítulo 3. Gastos financeiros:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos
- b) Clasificación por programas: Área de gasto.
- c) Clasificación económica: Capítulo

- Capítulo 4. Transferencias correntes:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos.
- b) Clasificación por programas: Programa
- c) Clasificación económica: Concepto.

- Capítulo 6. Invetimentos reais:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos.
- b) Clasificación por programas: Programa.
- c) Clasificación económica: Subconcepto.

- Capítulo 7. Transferencias de capital:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos.
- b) Clasificación por programas: Programa.
- c) Clasificación económica: Concepto.

- Capítulo 8. Activos financeiros:

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos
- b) Clasificación por programas: Área de gasto.
- c) Clasificación económica: Capítulo

- Capítulo 9. Pasivos financeiros

- a) Clasificación orgánica: Tres díxitos
- b) Clasificación por programas: Área de gasto.
- c) Clasificación económica: Capítulo

2. Terán carácter vinculante ao nivel de desagregación de aplicación orzamentaria os seguintes créditos:

- ✓ Os créditos declarados ampliables.

- ✓ Os créditos extraordinarios, excepto os que afecten o capítulo 1 "Gastos de persoal".
- ✓ Os créditos para gastos de subministracións de enerxía eléctrica, subconcepto económico 221.00.
- ✓ Os créditos para gastos de subministracións de combustibles e carburantes, subconcepto económico 221.03.
- ✓ Os créditos dos capítulos 4 e 7 do Orzamento do Concello para gastos por transferencias nominativas.
- ✓ Os créditos para atender obrigas de exercicios anteriores, subconceptos económicos coa divisionaria "90".
- ✓ A aplicación orzamentaria 100 92000 15000 "Administración Xeral. Productividade".
- ✓ A aplicación orzamentaria 100 92000 16204 "Administración Xeral. Gastos de acción social".

3. Terán carácter vinculante entre sí os créditos dos grupos de programas 338 Festas e 334 CSC.

4. O rexistro contable das operacións de execución do orzamento de gastos realizaranse sobre a aplicación orzamentaria correspondente.

5. A vinculación xurídica supón o límite máximo de gasto que non pode ser pasado por encima dos respectivos niveis. Non entanto, cando se realice un gasto que exceda da consignación da aplicación orzamentaria, sen superar o nivel de vinculación xurídica, deberá xustificarse na tramitación do expediente de gasto a insuficiencia da consignación e a necesidade do gasto.

6. Cando haxa que realizar un gasto que non teña suficiente crédito no nivel de vinculación xurídica, deberá tramitarse previamente o oportuno expediente de modificación orzamentaria.

7. Os proxectos financiados con ingresos afectados serán vinculantes en sí mesmos cuantitativa e cualitativamente. O órgano competente para a modificación dos niveis de vinculación xurídica dos mesmos será a Xunta de Goberno Local, previa solicitude polo órgano xestor á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto que deberá informar sobre a dita solicitude non sendo o dito informe vinculante, senón preceptivo. Asemade, os proxectos de gasto terán a vinculación específica que, para cada un deles, estableza o anexo de inversións ou as determinacións ou modificacións que, a tal efecto, acorde a Xunta de Goberno, a cal deberá respectar as limitacións dos ingresos afectados que, no seu caso, os financien.

Excepcionalmente, a Xunta de Goberno Local poderá proceder ó desglose de proxectos de gasto preexistentes para a creación de proxectos novos ou á cesión de financiación dun proxecto preexistente a outro distinto, sempre que a aplicación orzamentaria dos proxectos de orixe e de destino sexan a mesma e que a finalidade do proxecto de destino sexa compatible co carácter afectado do recurso que financia o proxecto de orixe, debendo estar motivada dita modificación por razóns técnicas e de imaxe fiel no seguimento de gastos con financiación afectada.

8. A Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto poderá informar a creación de novas aplicacións orzamentarias sempre que exista o financiamento necesario, xa sexa porque haxa saldo suficiente na correspondente bolsa de vinculación, ou ben porque se estea tramitando unha modificación orzamentaria.

9. Serán nulos en todo caso, os acordos dos órganos municipais que:

Dispoñan gastos con crédito inadecuado ou sen crédito suficiente para satisfacelos, dentro dos niveis de vinculación establecidos.

Creen novos servizos sen previa dotación, ou dean maior extensión aos xa establecidos superando o crédito correspondente.

Non poderán adquirirse compromisos de gastos que despracen a exercicios futuros a cobertura orzamentaria de prestacións realizadas no exercicio corrente.

CAPÍTULO II

Modificacións Orzamentarias do Concello e do Auditorio de Galicia

Artigo 12. Órganos competentes para a aprobación das modificacións orzamentarias.

1. A aprobación inicial e definitiva dos créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito corresponde, previo informe da Intervención Xeral, ao Pleno, previo sometimento do acordo á Xunta de Goberno Local.

2. A aprobación das demais modificacións orzamentarias corresponde, previo informe da Intervención Xeral, ao Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

Artigo 13. Tramitación e documentación das modificacións orzamentarias.

1. En materia de tramitación e documentación de modificacións orzamentarias estarase ao establecido no Decreto do/da Concelleiro/a delegado/a de Facenda, que regula a

Tramitación e Documentación das Modificacións Orzamentarias e no resto de normativa vixente.

2. A solicitude de modificación orzamentaria, así como o resto da documentación requirida, debidamente cumprimentada nos formularios deseñados ao efecto, remitirase á Intervención Xeral para a emisión do preceptivo informe.

3. A Intervención Xeral, unha vez emitido o informe, enviará o expediente completo á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, para continuar a súa tramitación e, no seu caso elevación ao órgano correspondente para a súa aprobación.

4. De conformidade co establecido na Regra 40 da Instrución do modelo Normal de Contabilidade Local (Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro), cando se tramiten expedientes de incorporación de remanentes de crédito será imprescindible que a Intervención Xeral certifique a existencia de remanente de crédito do exercicio anterior.

A incorporación de crédito ao orzamento efectuarase na mesma aplicación orzamentaria na que se atopase o remanente -comprometido ou non-, ou en calquera das da súa mesma vinculación xurídica.

No caso de incorporacións de remanentes de crédito de proxectos de gasto con financiamento afectado, se por circunstancias especiais do proxecto non fose posible, ben porque se produza unha modificación do obxecto do proxecto, ou ben porque para liquidar un proxecto sexa necesario agrupar créditos procedentes de aplicacións orzamentarias de diversas vinculacións noutra distinta, poderán, de maneira excepcional e debidamente xustificado no expediente, incorporarse os remanentes de crédito a aplicacións orzamentarias cunha vinculación xurídica diferente que a de procedencia.

6. Nos expedientes de modificacións de crédito financiadas mediante Remanente Líquido de Tesouraría deberá certificarse pola Intervención Xeral ou órgano contable dos Organismos Autónomos a existencia de saldo de Remanente de Tesouraría suficiente para a modificación que se tramita. No entanto, no caso de incorporacións de remanentes de crédito de proxectos de gasto con financiamento afectado, a citada certificación, no seu caso, poderá referirse á situación de cada un dos proxectos, podendo procederse á incorporación unha vez determinada, en cada caso, a correspondente desviación de financiamento.

7. Para a tramitación de calquera expediente de modificación de crédito que concierna a proxectos de gasto con financiamento afectado deberá achegarse así mesmo documento RC polo importe que deba financiar o Concello.

8. A incorporación de remanentes deberá facerse ben coa liquidación do exercicio, ben co peche do exercicio se éste é anterior á liquidación, e, en todo caso, nos prazos que establece a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Artigo 14. Xeracións de crédito.

1. Poderán dar lugar a xeracións de crédito os ingresos de natureza non tributaria, non previstos ou superiores aos contemplados no Orzamento, derivados das seguintes operacións:

a) Achegas do Concello aos seus Organismos Autónomos, ou entre os Organismos entre si, para financiar conxuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados aos mesmos.

b) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas, ao Concello ou aos seus Organismos Autónomos para financiar xuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados aos mesmos.

c) Alleamento de bens municipais.

d) Prestación de servizos.

e) Ingresos legalmente afectados á realización de actuacións determinadas.

f) Ingresos por reintegros de pagos indebidos realizados con cargo a créditos do orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria.

g) Reembolso de préstamos.

2. Cando os ingresos proveñan da venda de bens ou prestacións de servizos, as xeracións efectuaranse unicamente naqueles créditos destinados a cubrir gastos da mesma natureza que os que se orixinaron pola adquisición ou produción dos bens alleados ou pola prestación do servizo.

Cando o alleamento se refira ao inmovilizado, a xeración unicamente poderá realizarse nos créditos correspondentes a operacións da mesma natureza económica.

Os ingresos procedentes de reembolso de préstamos unicamente poderán dar lugar a xeracións naqueles créditos destinados á concesión de novos préstamos.

3. Cando os ingresos que orixinan as xeracións de crédito consistan en achegas realizadas por persoas físicas ou xurídicas ou alleamentos de bens, acompañarase o documento no que conste o compromiso firme da persoa física ou xurídica e figure a achega que haxa de efectuar ou, no seu caso, copia do mandamento de ingreso na Tesourería. Non entanto, no caso das transferencias entre o Concello e os seus Organismos Autónomos ou entre os Organismos entre si, a xeración poderá realizarse unha vez efectuado o recoñecemento do dereito pola entidade correspondente ou cando exista un compromiso firme de achega.

Cando o ingreso derive de prestacións de servizos ou de reembolso de préstamos, para proceder á xeración será requisito indispensable o recoñecemento do dereito; aínda que a dispoñibilidade dos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos. No suposto de reintegros de orzamento corrente será indispensable o cobro efectivo do reintegro.

Artigo 15. Ampliacións de crédito.

Terán natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, consonte o disposto no artigo 39.1 do Real Decreto 500/1990.

1.- CONCELLO

As aplicacións do Orzamento do Concello que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliáveis con cargo ós conceptos de ingresos que se sinalan; no caso do concepto 391.00 vincúlase os ingresos derivados da externalización do servizo coa partida de gastos sinalada; no caso dos conceptos 392.00 e 392.11 vincúlase os ingresos derivados do Convenio asinado coa Deputación Provincial para levar a cabo a recadación executiva das multas coa partida de gastos correspondente.

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto de ingresos	Descrición
050/33800/ 22698	Festas. Actividades	344.00	Ingresos de taquillas.
130/15900 /22695	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares	399.02	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares
030/93200/22707	Administración financeira. Servizo recadación sancións tributarias	391.10	Sancións tributarias
130/15900/227xx	Urbanismo. Servizo		

	xestión e recadación sancións urbanísticas	391.00	Sancións urbanísticas
030/93200/22709	Administración financeira. Servizo recadación multas deputación	392.00 392.11	Recargo declaración extemporánea Recargo prema
030/93200/ 22706	Admon. financeira. Xestión multas	391.20	Multas tráfico
090/13300/22707	Traballos realizados por outras empresas. Grúa e ORA	326.00	Taxa por retirada de vehículos
		330.00	Taxa por estacionamento de vehículos

Créase o proxecto de gasto 2012-3-INSFI-01, declarando como ampliable a aplicación orzamentaria 030/93200/22798 euros con cargo ós conceptos sinalados de seguido, podendo procederse á súa ampliación na medida na que os dereitos recoñecidos en concepto de inspección supere, no seu conxunto, a contía de 2,4 millóns de euros en termos agregados nos seguintes conceptos de ingreso.

Proxecto de gasto	Denominación	Concepto de ingresos
2012-3-INSFI-01	“Facenda. Outros servizos. Inspección de ingresos públicos”	116.00
		130.00
		290.00
		321.00
		391.10
		393.00

A aplicación 100 92000 83000 de Préstamos a curto prazo do orzamento xeral ten a consideración de ampliable, financiada cos recursos do subconcepto de ingreso 830.00 Reintegro por anticipos ó persoal. Con este fin, efectuaranse convocatorias trimestrais para a concesión de anticipos ó persoal por importes trimestrais de 20.000,00 euros. Na convocatoria do último trimestre poderase ampliar a dita contía en función dos dereitos que poidan recoñecerse durante o exercicio corrente, ampliando o crédito ata o importe dos dereitos recoñecidos como máximo.

2.- AUDITORIO

Teñen a consideración de ampliables as seguintes aplicacións do orzamento de gastos do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia:

Aplicación 33500 22605 “Programación Cineuropa”, con cargo ó concepto de ingresos 34415, “Recadación taquillas Cineuropa”.

Artigo 16. Servizos novos.

Todo novo servizo que se propoña crear, así como a ampliación dun xa existente, en caso de no estar contemplado no presente Orzamento, ou que teña dotación insuficiente, requirirá a previa autorización da Xunta de Goberno Local.

Para a súa aprobación será necesaria a seguinte xustificación:

a) Memoria, que cando menos deberá conter:

- Especificación clara do obxecto do novo servizo.
- Estudio da demanda do novo servizo na que se incluírá que actuacións se están prestando por outras administracións e/ou institucións hacia a mesma demanda.

b) Un estudio económico-financeiro de custes e ingresos a curto, medio e longo prazo, con expresión detallada dos novos compoñentes de custe que dispoñen de crédito orzamentario.

c) O preceptivo informe da Intervención.

Todo elo sen prexuízo do correspondente expediente de modificación presupostaría e a súa oportuna aprobación polo Pleno do Concello.

Artigo 17. Especificacións das modificacións orzamentarias no Auditorio de Galicia.

En caso de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e baixas por anulación, o órgano competente de acordo cos estatutos realizará a proposta de modificación e a remitirá á Entidade local para a súa tramitación consonte o procedemento xeral.

Si o expediente a tramitar se financia con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, este se deberá determinar conforme ao establecido na Regra 81 e ss da Instrución de Contabilidade. O expediente remitirase á entidade local e á Intervención Xeral para o preceptivo informe.

O órgano competente para a aprobación das ampliacións, xeracións e incorporacións de remanentes de crédito é o Presidente.

CAPÍTULO III
Procedemento de execución do Orzamento de gastos
Sección 1. Fases de Gasto

Artigo 18. Fases na xestión do estado de gastos

1. A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do orzamento realizarase nas seguintes fases:

- a Retención de crédito
- b Autorización do gasto.
- c Disposición ou compromiso do gasto.
- d Recoñecemento e liquidación da obriga.
- e Ordenamento do pago.

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Xeral, corresponderá á Intervención Xeral a retención de créditos con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

A retención de crédito na partida orzamentaria correspondente non supón a aprobación de fases posteriores para as que deban cumprirse outras normas legais de obrigado cumprimento.

As ditas fases terán o carácter e o contido definidos nos artigos 54 e 61 do Real decreto 500/1990.

2. No proceso de descentralización da xestión orzamentaria, a totalidade dos documentos de xestión contable se remitirán debidamente cumplimentados a Intervención Xeral, unidos á documentación esixida en cada caso pola normativa contable municipal, e conforme as Circulares dictadas pola Intervención Xeral.

3. Consonte o disposto nos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, poderanse acumular as seguintes fases da xestión do gasto nun só acto administrativo:

- Autorización - Disposición (AD)
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dous ou máis fases producirá os mesmos efectos que se se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que nel se inclúan.

4. Cando para a realización dun gasto se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición (AD). Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Nómina do persoal.
- Contratos de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria.
- Gastos de tracto sucesivo por un importe previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servicios, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuio importe sexa coñecido previamente ó recoñecemento da obriga.
- Subvencións correntes e de capital non nominativas, obxecto de convocatoria específica, e as nominativas expresamente recollidas no orzamento.

5. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles en que a obriga poida ser esixible de xeito inmediato e non estean suxeitos ó proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Anticipos de pagas ó persoal funcionario e laboral.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo para comisións de servizo.
- Gastos orzamentarios consecuencia de fondos liberados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Gastos de tracto sucesivo tales como a subministración de auga, teléfono, enerxía eléctrica.
- Todos aqueles gastos do Capítulo II da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de subministros de contía inferior a 3.000,00 euros.
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características non poida coñecerse o seu importe previamente ó recoñecemento da obriga.

6. Os únicos servizos autorizados para tramitar gastos referidos ás partidas de información e comunicación son a Alcaldía e o Gabinete de Prensa. Calquera gasto producido polas delegacións que non estea autorizado polos citados servizos será imputado de oficio ás súas aplicacións.

7. O órgano competente para dispoñer gastos na aplicación de protocolo será a xefa de protocolo que será a responsable de asina-la conformidade das facturas e realiza-las propostase a tramitación do gasto.

Artigo 19. Autorización e disposición de gastos.

1.- Como procedemento xeral de tramitación, as propostas de gasto formuladas polos distintos departamentos deberán ser remitidas á contabilidade, procedendo a Intervención municipal a practicar a correspondente retención de crédito na partida de imputación, xunto coa fiscalización do gasto correspondente, co alcance que sexa procedente en función da natureza do mesmo.

2.- No caso de tratarse de propostas de gasto de contía inferior ou igual a 3.000,00 euros, as mesmas poderán revestir carácter xenérico, cando non sexa posible concretar os distintos gastos a realizar no momento de presentación das mesmas. Trala presentación de ditas propostas, a Intervención municipal practicará retención de crédito sobre unha ou varias aplicacións de gasto, remitindo documento contable RC ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable RC que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos términos indicados na base 19ª, procederase pola concelleira delegada de facenda a autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga correspondente, nos termos indicados na base 17.5 de execución do orzamento.

3.- No caso de tratarse de propostas de gasto superiores a 3.000,00 euros ata 18.000,00, os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, con inclusión de expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, e informe do departamento de contratación, xunto cos datos do adxudicatario proposto.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será competencia da concelleira delegada de Facenda, procedéndose pola Intervención municipal á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados no artigo 20, procederase pola concelleira delegada de facenda a recoñecer a obriga correspondente.

4.- No caso de tratarse de propostas de gasto de contía superior a 18.000,00 euros, os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, con inclusión de expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, e informe do departamento de contratación, xunto cos datos do adxudicatario proposto.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será competencia da Xunta de Goberno Local, procedéndose pola Intervención municipal á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados artigo 20, procederase pola concelleira delegada de facenda a recoñecer a obriga correspondente.

5.- En todo caso, a competencia para autorización e disposición de gastos correspondentes a concesión de subvencións corresponderá á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, nos termos e co alcance regulados nas presentes bases de execución.

6.- A aprobación da programación de actividades de tódalas áreas é competencia da Xunta de Goberno Local se supera ou iguala o límite de 18.000 euros (previa proposta do Concelleiro/a delegado/a e informe do técnico da área respectiva, nos que se indique:

a.) importe de cada un dos apartados do gasto (cachet, publicidade, asistencias técnicas, monitores, material, seguros, sociedade de autores, premios) e partida(-s) orzamentaria (-s) proposta.

b) importe dos ingresos estimados derivados da actividade, no seu caso e importe do prezo unitario da entrada que debe aboar o/a usuario/a.

As actividades de inferior contía requirirán para á súa previa autorización constancia no expediente de que esta constitúe a integridade da mesma.

En todo caso, serán competencia da Xunta de Goberno Local, a autorización das actividades que xeneren ingresos ou que estén financiadas con subvencións.

Esta aprobación e a consecuente anotación contable non supón a aprobación de fases posteriores do gasto para as que se esixa o cumprimento doutras normas legais obrigatorias.

7.- Será competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación da liquidación das actividades que xeneren ingresos ou que estean financiadas con subvencións, que deberá presentarse asinada polo Concelleiro delegado e o responsable técnico da área respectiva nun prazo máximo de 20 días dende o remate do período de realización da actividade. No caso das festas de Reis, Antroido, Ascensión, Apóstolo e Nadal o prazo será de 40 días.

A liquidación comprenderá os estados de gastos e ingresos da actividade. A estes efectos, deberá presentarse un cadro comparativo entre os conceptos e importes do orzamento da programación aprobado e a súa liquidación; tanto en gastos como en ingresos e segundo modelo visado polo servizo de Intervención.

No caso de non presentarse equilibrado o importe da liquidación, o informe e a proposta sinalada no parágrafo anterior deben conter o reaxuste das actividades da área respectiva.

8.- No caso de que a factura ou documento equivalente, na fase de fiscalización previa do recoñecemento da obriga, non teñan informe favorable da intervención municipal, ou teña sido informado con observacións, darase traslado do expediente á Xunta de Goberno Local co obxecto que a mesma decida, no seu caso, sobre o recoñecemento da obriga, á vista do informe da Intervención municipal.

9.- O órgano competente para a autorización e disposición de gastos do Auditorio de Galicia será o establecido nos seus estatutos.

10.- No caso do Auditorio de Galicia o órgano competente para a aprobación das liñas xerais da programación de actividades é o Consello Reitor.

11.- Previamente á autorización de gastos que se financien con ingresos afectados deberá acreditarse o compromiso ou o recoñecemento do dereito do Concello ou do Auditorio mediante documento orixinal ou certificación incorporada ó expediente.

Artigo 20. Documentos que xustifican o recoñecemento da obriga.

1. O recoñecemento das obrigas derivadas do orzamento do Concello, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Concelleiro/a delegado/a de facenda.

2. As facturas expedidas polos provedores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e deberán cumprir as prescricións previstas no Real Decreto 1496/2003, do 28 novembro. Conterán, como mínimo, os seguintes datos:

- Identificación do Concello ou do Auditorio e o seu número de identificación fiscal.
- Identificación do provedor e o seu número de identificación fiscal.
- Número de factura.
- Descrición suficiente da subministración, obra ou servizo.
- Centro xestor que efectuou o encargo.
- Importe total, co IVE desagregado ou coa mención expresa do IVE incluído.

As facturas se rexistrarán polo departamento de contabilidade, e se remitirán a conforme do servizo, agás que se implante o sistema de xestión descentralizada do gasto. Neste caso, as facturas serán directamente recepcionadas polo servizo xestor, sendo posteriormente remitidas ó departamento de contabilidade.

Nas copias ou duplicados de facturas expedidas deberá facerse constar a expresión "duplicado", en cumprimento do art. 12 del Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que o xefe do servizo e/ou, no seu caso, o Concelleiro/a delegado/a ou o Alcalde, indique en cada factura a súa conformidade, o que implicará que a obra, servizo ou subministración se realizou de acordo coas condicións legais ou contractuais establecidas. É responsabilidade do servizo correspondente a comprobación de que, cando sexa necesario, existe contrato en vigor para a realización da obra, servizo ou subministración.

Unha vez emitida a conformidade coas facturas, enviaranse ó departamento de contabilidade para a súa aprobación polo órgano competente. A aprobación farase constar mediante dilixencia na relación de obrigas.

3.- Tendo en conta o establecido na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, e tendo en conta que entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011, o prazo en que as Administracións Públicas deben aboar o prezo das obrigas que se derivan da expedición das certificacións de obra ou os correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial dos contratos, será dentro dos 50 días seguintes á data da expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial dos contratos. Será obriga dos correspondentes responsables dos servizos a remisión ó departamento de Intervención das facturas conformadas ou rexeitadas, facendo constar os motivos da súa improcedencia dentro do prazo improrrogable de quince días naturais dende a súa remisión polo departamento de Intervención.

O órgano interventor, como órgano que na práctica leva a cabo as funcións de contabilidade neste Concello, requirirá ó órgano xestor, por obriga legal, para que xustifique por escrito a falta de tramitación do expediente nos termos anteriormente establecidos.

4.- Tendo en conta os efectos establecidos na normativa vixente de carácter pecuniario, en contra da Administración, no caso de incumprimento de ditos pagos, que inclúe a adopción de medidas cautelares inmediatas por parte dos órganos xudiciais con condena explícita de costas á Administración demandada, o órgano competente poderá iniciar as actuacións que leven a determinar a responsabilidade dos funcionarios nos casos de incumprimento doloso da obriga establecida no punto anterior.

5.- De conformidade co establecido na normativa en vigor, o Tesoureiro do Concello elaborará trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei, que incluírá o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A Intervención incorporará ó informe trimestral ó Pleno anteriormente mencionado, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto ós cales haxan transcorrido máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teñan xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos, ós efectos que establece a normativa sobre o Pleno da Corporación.

Artigo 21. Ordenación de pagamentos e pagamento material.

1. As ordes de pagamento deberán acomodarse ó plan de disposición de fondos que elabore a Tesourería e aprobe ó/á Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

A aprobación da ordenación de pagamentos do Concello de Santiago a respecto de obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó/á Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

As ordes de pagamento materializaranse preferentemente mediante relacións nas que se faga constar a identificación do acredor, a aplicación orzamentaria, o importe bruto, os descontos (se proceden) e o importe líquido.

Cando a orde de pagamento se impute á mesma partida orzamentaria e obedeza ó cumprimento de compromisos de igual natureza, a identificación dos acredores e dos importes poderanse recoller en relacións adicionais e, con base nelas, poderase efectuar o pagamento individual mediante transferencias bancarias ás contas correntes indicadas

polos interesados, figurando como perceptor o banco ou entidade financeira encargada de executar as ordes de transferencia.

A Tesourería xustificará o pagamento material mediante o recibo do perceptor e as ordes de transferencia bancaria dilixenciadas pola entidade bancaria.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente perante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor e todo iso consonte as resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

2. No Auditorio o órgano competente é o establecido nos seus estatutos.

Sección 2. Control e fiscalización

Artigo 22. Fiscalización limitada previa

De conformidade coa posibilidade legalmente establecida no artigo 219.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, (RDL 2/2004, de 5 de marzo), establécese a fiscalización limitada previa nos seguintes expedientes de gasto:

1.- EXPEDIENTES EN MATERIA DE PERSOAL

- a) Contratacións de persoal en tódalas das súas fases.
- b) Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas das nóminas de persoal, así como de todo tipo de gastos relacionados con retribucións e indemnizacións que afecten ó persoal ó servizo do Concello.

Nos casos anteriores a fiscalización previa limitarase ós seguintes extremos:

1) Existencia de crédito orzamentario e si o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. No seu caso, si se trata de compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, si se cumpre o preceptuado no artigo 174 desta Lei.

2) Que as obrigas se xeneran por órgano competente.

O órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que estas en ningún caso teñan efecto suspensivo na tramitación dos expediente. De conformidade co establecido no artigo 219.3, as obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que

deron orixe á mesma a través de técnicas de mostreo ou auditoría, aos efectos de determinar o grado de cumprimento da legalidade da xestión dos créditos. O órgano interventor deberá emitir informe escrito con posterioridade das observacións e conclusións que se deduzan, que será remitido ó Pleno do Concello, coas observacións que tiveran efectuado os órganos xestores.

2.- EXPEDIENTES EN MATERIA DE SUBVENCIONES

Quedan sometidos a fiscalización limitada previa, nos termos establecidos no artigo 219.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais os expedientes relativos á concesión e xustificación da seguinte tipoloxía de subvencións:

- a) Trámites conducentes á concesión e xustificación de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia.
- b) Concesión e xustificación de subvencións directas previstas nominativamente nas presentes bases de execución nos termos establecidos no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A fiscalización previa efectuarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

Con carácter xeral:

- 1) Existencia de crédito orzamentario e si o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. No seu caso, si se trata de compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, si se cumpre o preceptuado no artigo 174 desta Lei.
- 2) Que as obrigas se xeran por órgano competente.

Nos expedientes de aprobación de gasto relativos á concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia:

- 1) Proposta de bases reguladoras da convocatoria.
- 2) Proposta de aprobación e publicidade das bases.
- 3) Que as bases reguladoras da convocatoria conteñen mención expresa á aplicación orzamentaria de imputación e importe máximo de convocatoria ou, no seu caso, establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do regulamento da Lei Xeral de subvencións. Neste último caso, no expediente de aprobación de gasto pola contía adicional, unha vez obtido dito financiamento, verificarase que non se supera o importe establecido na convocatoria.

- 4) Que as bases conteñen os criterios en base aos que se valorarán as solicitudes presentadas.
- 5) Informe do departamento motivando o gasto e con mención expresa de que as bases e o expediente tramitado cumpren tódolos requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas presentes bases de execución.

Nos expedientes de concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia:

- 1) Acordo de aprobación e publicidade das bases previamente fiscalizadas de conformidade co sinalado no apartado anterior.
- 2) Existencia de acta do órgano colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.
- 3) Existencia de informe do departamento, no que se indique expresamente que a tramitación do procedemento se axusta ás bases aprobadas, que os beneficiarios propostos reúnen os requisitos requiridos, así como motivación do importe concedido a cada beneficiario en función dos criterios aprobados nas bases da convocatoria e de conformidade coa proposta do órgano colexiado. Mención expresa das solicitudes rexeitadas e motivos do rexeitamento.
- 4) Proposta de resolución do procedemento polo concelleiro/a delegado/a, no que se indique a relación de solicitantes, a súa contía, o coeficiente de financiamento, a actividade e o orzamento subvencionado. Indicarase asemade as solicitudes rexeitadas e motivos do rexeitamento, en base aos informes incorporados ao expediente.

Nos expedientes de concesión de subvencións nominativas:

- a) Que as subvencións propostas están previstas nominativamente nas bases de execución do orzamento, e que o beneficiario e finalidade se axustan ao aprobado nas mesmas.
- b) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social e que non está incurso nas prohibicións para obter dita condición.
- c) Borrador de convenio a asinar trala aprobación polo órgano competente.
- d) Informe do departamento motivando o gasto, con mención expresa de que o texto do convenio e a tramitación do expediente cumpre tódolos requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas presentes bases de execución.

Aspectos comúns a verificar no trámite de xustificación das subvencións:

- 1) Informe do departamento que tramita o procedemento, no que se indique detallada e motivadamente que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade. O ámbito da fiscalización limitada na comprobación deste extremo poderase ampliar mediante o

exame detallado da documentación xustificativa da mesma cando, a xuízo da Intervención municipal, a contía da subvención ou outras circunstancias concorrentes así o xustificuen.

2) Que a xustificación se produza dentro de prazo.

3) En caso de realizarse pagos a conta ou pagos anticipados, que os mesmos están previstos na normativa reguladora da subvención.

4) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social e que non é unha debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Observacións e fiscalización plena posterior.

O órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que estas en ningún caso teñan efecto suspensivo na tramitación dos expedientes. De conformidade co establecido no artigo 219.3, as obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á mesma a través de técnicas de mostreo ou auditoría, aos efectos de determinar o grado de cumprimento da legalidade da xestión dos créditos. O órgano interventor deberá emitir informe escrito con posterioridade das observacións e conclusións que se deduzan, que será remitido ó Pleno do Concello, coas observacións que tiveran efectuado os órganos xestores.

CAPÍTULO IV

Procedemento de execución do Orzamento de gastos

Artigo 23. Gastos plurianuais e expedientes de tramitación anticipada.

1. A competencia para autorizar e comprometer gastos que haxan de estender os seus efectos económicos a exercicios futuros corresponde á Xunta de Goberno Local, nos termos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo das delegacións realizadas. Para a súa aprobación requirirán, con carácter previo, informe favorable da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto. Unha vez recaído acordo de adjudicación comunicarse de inmediato á Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, así como calquera circunstancia que modifique o importe ou anualidades dos créditos reservados tales como, a título enunciativo, baixas, licitacións desertas, desistimiento ou renuncia.

Será necesario, así mesmo, o informe previo da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, nos expedientes de investimento por contratación anticipada, mesmo aínda que a súa imputación se efectúe nun único exercicio orzamentario.

2. Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para, en casos excepcionais, ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos mesmos informes e requisitos do apartado 1.

3. O cumprimento dos límites aos compromisos de gastos de exercicios futuros que se poden adquirir, tanto referidos á contía como ao número de anualidades, será informado de forma expresa e específica pola Intervención Xeral. A proposta que para ese efecto se realice conterà como mínimo a debida xustificación do motivo da mesma e das súas circunstancias excepcionais.

4. A tramitación de autorizacións e compromisos de gastos plurianuais deberá acompañarse do documento contable específico denominado "de -gasto plurianual" (Ap, Dp ó ADp) no que deberá consignarse, tanto o crédito imputable ao exercicio orzamentario corrente (ou inicial) como o importe estimado para os exercicios futuros aos que estende os seus efectos económicos o acordo.

5. Cando unha vez formalizado un contrato, se por calquera circunstancia producísese un desaxuste entre as anualidades establecidas e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, o órgano de contratación tramitará o oportuno expediente de reaxuste de anualidades cos requisitos que establece o artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A tramitación do expediente de reaxuste de anualidades unha vez finalizado o exercicio cuxa anualidade se pretenda reaxustar, deberá informarse previamente pola Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto.

A aprobación do expediente de reaxuste de anualidades requirirá, con carácter previo, informe favorable da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto.

Se o desaxuste de anualidades se produce antes da adxudicación do contrato, procederase polo órgano de contratación a adecuar as anualidades no propio acordo de adxudicación, atendendo á nova data prevista para o inicio da execución. No mesmo prazo de dez días hábiles que sinala o artigo 151.2 do Texto Refundido Lei de Contratos Sector Público para requirir do licitador a constitución da garantía definitiva e a documentación xustificativa do cumprimento de obrigacións tributarias e de seguridade social, solicitarase a súa conformidade á adecuación das anualidades á nova data prevista de inicio de execución do contrato. A adecuación de anualidades requirenra, con carácter previo, informe favorable da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, excepto cando se trate de gastos que se imputan ao capítulo 2 do orzamento e xa fose emitido o informe que se establece no apartado 1.

En ningún caso, no documento de formalización do contrato poderase alterar o prezo de adxudicación, de conformidade ao establecido no artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratos Sector Público.

6. Os expedientes de contratación poderán ultimarse mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte.

Se nos pregos de cláusulas administrativas particulares establécese que o acordo de adxudicación quedará sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente, os acordos de compromiso do gasto, a adxudicación e no seu caso a formalización do contrato anticipado adoptados no exercicio anterior ao da iniciación da execución, deberán someterse á devandita condición suspensiva.

7. Conforme ao disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, en diante Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a convocatoria para a concesión de subvencións poderá aprobarse nun exercicio anterior a aquel en que vaia a ter lugar a resolución da mesma, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se produce a concesión. Na convocatoria deberá facerse constar que a concesión queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Igualmente, conforme ao artigo 57 do citado Regulamento poderá autorizarse a convocatoria de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que teña lugar o acordo de resolución sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio en que se produciu a concesión. Os beneficiarios poderán ser calquera das persoas a que se refire o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 24. Expedientes de gasto condicionados a unha modificación orzamentaria ou á entrada en vigor dos orzamentos.

Non entanto o disposto no artigo anterior se poderán tramitar anticipadamente expedientes de gasto mesmo aínda que a súa imputación se efectúe nun único exercicio orzamentario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Poderán tramitarse expedientes de gasto condicionados a modificacións orzamentarias, ou á entrada en vigor dos orzamentos cando éstos se aproben en data posterior ao 1 de xaneiro do exercicio correspondente, unicamente ata a fase da adxudicación do gasto.

Para ese efecto, no expediente de Adxudicación do gasto e previamente á proposta de Autorización do mesmo se deberá incluír a seguinte documentación:

a) Copia do expediente de modificación de crédito debidamente cumprimentado ou, no seu caso, a solicitude dirixida ao/á Concelleiro/a delegado/a de Facenda para a incorporación do remanente de crédito. Se o financiamento da modificación de crédito fóra con baixa doutra aplicación orzamentaria, deberá estar dada de alta unha retención de crédito nesta aplicación. Se se financia doutro xeito, será necesaria a confirmación do/a Concelleiro/a delegado/a de Facenda de que é viable a modificación proposta.

b) A proposta de resolución deberá expresar que a aprobación do expediente queda condicionada á existencia do crédito suficiente e adecuado, unha vez entre en vigor a modificación orzamentaria solicitada.

c) Cando o expediente se condicione á entrada en vigor do orzamento, será necesario que á proposta de autorización do gasto se acompañe un informe emitido pola Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, tal e como se regula no artigo 24 destas Bases.

2. En ningún caso poderá formalizarse o contrato en tanto non entrase en vigor a modificación orzamentaria ou o novo orzamento.

3. A competencia para autorizar e comprometer anticipadamente gastos condicionados a unha modificación orzamentaria ou á entrada en vigor dos orzamentos corresponde á Xunta de Goberno Local, nos termos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo das delegacións realizadas.

Artigo 25. Recoñecemento extraxudicial de créditos e convalidacións.

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

1.1 Tramítase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigacións derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores.

Non entanto, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, as seguintes obrigacións procedentes de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal da Entidade.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.

- c) Gastos derivados de contratos válidamente celebrados, de tracto sucesivo e xornais.
- d) Gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.

Con carácter previo ó recoñecemento das obrigas, deberá acreditarse a existencia de crédito abondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos Orzamentos.

Entenderase por práctica administrativa contable que, con cargo ás consignacións do Orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de recibos de subministro e servicios de tracto sucesivo correspondentes ós últimos períodos do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presentan a principios do exercicio seguinte, sen necesidade de tramitación de recoñecemento extraxudicial de créditos.

No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

1.2. O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular, motivando a necesidade de propor unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento inicial, requirirá informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consecución da aplicación orzamentaria.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento inicial requirirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ao acordo sobre recoñecemento da obrigación.

As modificacións de créditos orzamentarios para habilitar a aplicación adecuada e suficiente para a imputación do gasto deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.

1.3. A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde á Xunta de Goberno Local, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda.

1.4. O expediente para o recoñecemento da obrigaón deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa subscripta polo Técnico responsable do Servizo e conformada polo concelleiro responsable do programa orzamentario correspondente (de non constar a conformidade decidirá a Xunta de Goberno Local), sobre os seguintes extremos:

- ✓ Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.
- ✓ Data ou período de realización.
- ✓ Importe da prestación realizada.
- ✓ Garantías que procedan ou dispensa motivada das mesmas. Xustificación de que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e adecuados ao mercado ou se conteñen en cadros de prezos aprobados. Xustificación de que non existe impedimento ou limitación algunha á imputación do gasto ao Orzamento do exercicio corrente, en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación durante todo o ano en curso. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente no devandito Orzamento, deberá tramitarse a modificación de crédito necesaria.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformado polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.

c) Documento contable de Autorización-Disposición-Recoñecemento da Obrigaón (ADO).

d) Informe da Intervención Xeral.

2. Convalidacións:

Nos supostos nos que, con arranxo ao establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e houbécese omitido, a Intervención, do mesmo xeito que no apartado anterior, emitirá un informe, que non terá a natureza de fiscalización, no que, por unha banda, porá de manifesto a citada omisión e, por outra, formulará a súa opinión respecto da proposta.

Poderán ser obxecto de convalidación, cos mesmos requisitos e formación do expediente indicados no apartado anterior, os gastos realizados no exercicio corrente **prescindindo do procedemento establecido**, tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios da execución do gasto.

Así mesmo poderán ser obxecto de convalidación gastos de exercicios anteriores con aplicación aos créditos habilitados polo Pleno mediante aplicacións orzamentarias específicas para imputar ao orzamento corrente "obligacións de exercicios anteriores", ben a través dos créditos iniciais do Orzamento ou ben mediante a tramitación das oportunas modificacións orzamentarias aprobadas polo Pleno.

A competencia para a convalidación de gastos corresponde á Xunta de Goberno.

Unha vez emitido o informe de Intervención, corresponderá ao órgano xestor, no seu caso, a elevación do expediente de convalidación á Xunta de Goberno.

En tanto non se adopte o acordo de convalidación non se realizarán as correspondentes anotacións contables.

CAPÍTULO V

Subvencións

Artigo 26. Normas xerais

1.- As subvencións concedidas polo Concello axustaranse ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "General de Subvenciones" e RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e demais normativa aplicable na materia.

2.- Os obxectivos previstos coa aplicación das subvencións concedidas polo Concello e os seus Organismos Autónomos son o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interés social, ou a promoción dunha finalidade pública, no marco da xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias e de acordo coa lexislación vixente

3.- Entenderase por axuda ou subvención toda disposición diñeraria, con cargo ó orzamento do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os seguintes requisitos:

a.- que se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b.- que a entrega esté suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, ou a concorrencia dunha situación.

c.- que sexa destinada á realización dun proxecto ou actividade que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interés social ou de promoción dunha finalidade pública municipal.

4.- Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas:

a.- as achegas a outras Administracións Públicas.

b.- as achegas entre o Concello, os seus Organismos Autónomos e calquera outros entes públicos dependentes de estes.

c.- as cotas que corresponde aboar pola pertenza a asociacións segundo a disposición adicional quinta da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

d.- os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.

e.- as subvencións ós grupos políticos da Corporación.

5.- As subvencións que se concedan anualmente axustaranse á natureza e características dos correspondentes programas incluídos no orzamento xeral e ós créditos consignados neles.

6.- As subvencións cuxo destiño non esté especificamente determinado nestas bases como subvencións nominativas, outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, nos termos previstos na LXS e na Lei 9/2007, de 19 de xuño, de subvencións de Galicia. A aprobación das convocatorias das subvencións non nominativas esixirá a aprobación das bases que deben rexir a concesión das subvencións pola Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro/a delegado/a correspondente, previa acreditación da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e informe favorable de fiscalización, e realizarase preferentemente dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico. As convocatorias, unha vez aprobadas, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia.

O obxecto das axudas determinarase expresando as actividades ás que poidan destinarse os fondos públicos concedidos. As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. As convocatorias de subvencións especificarán a finalidade e obxecto das mesmas.

A finalidade das axudas determinarase expresando os propósitos xerais que se pretendan conseguir con aquelas.

Cando o destino da subvención sexa ao financiamento de obras será preceptivo en todo caso o informe do servizo técnico responsable tanto do proxecto como das certificacións de obra e/ou facturas, no seu caso. O pago farase contra certificacións de obra e de acordo coa porcentaxe de financiamento que conste no convenio de colaboración.

As bases da convocatoria poderán establecer a esixencia dun importe de financiación propia polo beneficiario da actividade ou programa subvencionado, as contías mínimas e máximas das subvencións que poidan concederse, así como a posibilidade do prorrateo do importe global máximo entre os beneficiarios da subvención.

En ningún caso o importe da achega municipal concedida poderá ser de tal contía que, e en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas ou subvencións que se poidan conceder con cargo a cada unha das partidas orzamentarias, e deberán figurar expresamente nas bases da convocatoria.

7.- Son obrigas dos beneficiarios ás establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, "General de Subvenciones" e nas explicitadas no R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto ao efecto nos respectivos convenios.

8.- Con carácter excepcional, consideraranse subvencións de concesión directa aquelas nas que se acredite razóns de interese público, social económico ou humanitario ou aquelas nas que se acredite razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

As axudas derivadas de carácter social ou humanitario que se concedan en concorrencia dunha situación de necesidade do perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación de dita situación previamente á concesión e que deberán constar expresamente no informe do responsable do departamento de Servizos Sociais, sen prexuízo dos controles que podan establecerse para verificar a súa existencia.

9.- O instrumento para canalizar as subvencións nominativas, salvo as referidas no punto anterior son os Convenios.

Para a tramitación de ditos convenios será precisa a proposta do Alcalde-Presidente, o Concelleiro/a delegado/a correspondente; informe do responsable da unidade xestora,

acreditación de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e informe de fiscalización favorable.

10.- A aprobación do convenio é competencia da Xunta de Goberno Local. A sinatura do convenio é competencia do Alcalde ou do Presidente do Organismo Autónomo, ou persoa en quen delegue. Unha vez asinado o convenio darase conta á Xunta de Goberno Local ou ó Consello de Administración na primeira sesión que celebre, achegando copia dun exemplar para o seu arquivo en Servizos económicos. Calquera modificación dun convenio seguirá a mesma tramitación

O contido mínimo dos convenios será o seguinte:

- ✓ Identificación do beneficiario (nome e apelidos ou razón social, número de identificación social, domicilio fiscal).
- ✓ Identificación do representante, se procede (nome e apelidos, número de identificación social, domicilio).
- ✓ Definición do obxecto e da finalidade para a que se concede a subvención;
- ✓ Importe da subvención e forma de pagamento ;
- ✓ Data límite e forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos;
- ✓ Prazo de vixencia. (Os convenios cuxo prazo de vixencia conclúe no exercicio 2011 deberán renovarse, se procede, antes do remate do ano e a súa redacción adaptaráse o contido destas bases e da normativa xeral aplicable.);
- ✓ Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións ou Entes públicos ou privados

Poderán facerse pagos anticipados das subvencións nominativas e achegas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, nos termos sinalados polo artigo 34 da LXS e sempre que así esté previsto no convenio correspondente.

11.- Os órganos xestores competentes por materia das subvencións concedidas, comprobarán o seu correcto destino e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria elaborando o preceptivo informe que remitirán á Intervención Xeral xunto coa demais documentación xustificativa, a efectos da súa fiscalización.

Artigo 27. Reintegro de subvencións.

En caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos previstos nestas bases ou nas bases da convocatoria a que se refira a subvención, o Concello ou o Organismo Autónomo esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguinte procedemento:

Iniciación de oficio do mesmo mediante resolución do Concelleiro delegado de facenda, logo do informe da unidade administrativa correspondente, na que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

A notificación ás entidades ou particulares interesados da dita resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a corrixir as deficiencias observadas, co apercibimento de que en caso de acordarse o reintegro da subvención, esixirase o interese de demora desde o momento do seu pagamento, de acordo co previsto no artigo 38 da LXS.

Concelleiro delegado de facenda, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que ningún interesado formulara ningunha, dictará unha resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e demais actuacións que procedan, aplicando o réxime establecido polo Regulamento xeral de recadación.

O disposto nesta base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador a que se refire a normativa en vigor

Artigo 28. Subvencións nominativas.

1.- Os beneficiarios e importes anuais das subvencións nominativas no exercicio 2013, nos termos establecidos nestas bases, son os seguintes:

ENTIDADE BENEFICIARIA	IMPORTE 2012	IMPORTE 2013	TOTAL POR APLICACIÓNS 2012	TOTAL POR APLICACIÓNS 2013	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
COFRADIA VERACRUZ	964,86	868,374			010/92200/48902
XUNTA CONFRADIAS	3.269,44	2942,496	4.234,30	3.810,87	010/92200/48902
ALBERGUE XOAN XXIII	40.000,00	40.000,00			140/23203/48000
ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (ASPAS)	4.600,00	4.600,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DE ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)	3.000,00	3.000,00			140/23203/48000
CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SANTIAGO	70.000,00	70.000,00			140/23203/48000

COCIÑA ECONOMICA	42.000,00	42.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DE GALICIA (ABAGAL)	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA, SARELA	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN SINDROME DOWN COMPOSTELA	10.000,00	6.400,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM)	2.700,00	3.700,00			140/23203/48000
ASOCIACION FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS	3.500,00	3.500,00			140/23203/48000
COLEXIO AVOGADOS SANTIAGO	4.000,00	3.600,00			140/23203/48000
FEAFES	2.700,00	2.700,00			140/23203/48000
ASOCIACION VOLUNTARIAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL	4.600,00	4.600,00			140/23203/48000
ASOCIACION DE PERSOAS XORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	7.300,00	7.300,00			140/23203/48000
CRUZ VERMELLA	22.000,00	22.000,00			140/23203/48000
FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO	20.000,00	20.000,00			140/23203/48000
FUNDACIÓN MONTE DO GOZO- PROXECTO HOME GALICIA	42.000,00	42.000,00			140/23203/48000
USC. UNIDADE DE PSICOLOXÍA FORENSE: RUPTURA PARELLA Y MEDIACIÓN FAMILIAR	51.000,00	51.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN DE PAIS PERSOAL CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (ASPANAES)	3.000,00	3.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN GALEGA DE ESPÍÑA BÍFIDA E LESIONADOS MEDULARES	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
ASOCIACION GALEGA DE LUPUS (AGAL)	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN GALEGA PARA A ASISTENCIA E A INVESTIGACIÓN DA PERSONALIDADE (TP-GALICIA)	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL	2.000,00	2.000,00			140/23203/48000
CENTRO DON BOSCO	2.000,00	3.000,00			140/23203/48000
FUNDACIÓN ANDREA	3.000,00	3.000,00			140/23203/48000
JUNTOS PODEMOS	3.000,00	3.000,00			140/23203/48000
BANCO DE ALIMENTOS	10.000,00	12.000,00	362.400,00	362.400,00	140/23203/48000

ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. P. VAGALUME	34.000,00	34.000,00	34.000,00	34.000,00	140/23200/48000
FUNDACION REFUXIO ANIMAIS	161.500,00	145.350,00	161.500,00	145.350,00	070/31300/48900
INSTITUTO ROSALIA CASTRO	6.208,00	5.587,20	6.208,00	5.587,20	020/32200/48900
SALA CAPITOL	11.000,00	10.000,00	11.000,00	10.000,00	050/33400/47900
FUNDACION GRANELL	140.000,00	126.000,00	140.000,00	126.000,00	050/33300/48902
FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER	24.000,00	21.000,00			050/33400/48900
CASA DA TROIA	4.000,00	3.600,00			050/33400/48900
MUSICA EN COMPOSTELA	4.250,00	3.825,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN O GALO	6.800,00	2.500,00			050/33400/48900
FEDERECIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	4.250,00	3.825,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN CIDADE VELLA	10.200,00	9.180,00			050/33400/48900
ASOCIÓN DO TRAXE GALEGO	4.250,00	3.825,00			050/33400/48900
MUSEO DO POBO GALEGO	10.200,00	9.180,00			050/33400/48900
FUNDACION ROSALIA DE CASTRO	4.250,00	3.825,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA COLEXIATA DO SAR	0,00	2.500,00			050/33400/48900
ATENEO	1.700,00	2.500,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE	10.000,00	8.000,00			050/33400/48900
FUNDACIÓN ARAGUANEY PUENTE DE CULTURAS	10.000,00	0,00			050/33400/48900
REAL SOCIEDADE ECONÓMICA DE AMIGOS DO PAIS	6.000,00	5.400,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN CULTURAL SOLFA	4.250,00	0,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN CULTURAL FRANCISCO ASOREY	0,00	2.000,00			050/33400/48900
INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO	9.000,00	0,00			050/33400/48900
ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA	3.000,00	0,00	116.150,00	81.160,00	050/33400/48900
CLUB A. LOBELLE	50.000,00	45.000,00			040/34900/48900
CLUB ARTEAL TENIS MESA	14.000,00	12.600,00			040/34900/48900
CLUB TRIATLON INFORHOUSE ARCADE	12.000,00	10.800,00			040/34900/48900
ESCUADERIA COMPOSTELA	11.000,00	9.900,00			040/34900/48900
SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA (FEMININO)	6.000,00	5.400,00			040/34900/48900

AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORREO GALLEGO: CARREIRA PEDESTRE	13.000,00	11.700,00	106.000,00	95.400,00	040/34900/48900
MERCADOS DE ABASTOS DE SANTIAGO, SC GALEGA	11.000,00	9.900,00	11.000,00	9.900,00	110/43101/48900
FÓRUM GASTRONOMIC S.L. ACHEGA 2012	30.000,00	27.000,00	30.000,00	27.000,00	110/43200/47900
ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES	8.354,00	0,00	8.354,00	0,00	080/15100/72300
PROTECCIÓN CIVIL	0,00	2.500,00	0,00	2.500,00	090/13400/48900
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	0,00	20.000,00	0,00	20.000,00	030/93900/48900
TOTAL	990.846,30	923.108,07	990.846,30	923.108,07	

2.- Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 29.4 as seguintes achegas:

	IMPORTES 2012	IMPORTES 2013
OUTRAS TRANSFERENCIAS CORRENTES		
CONSORCIO GALEGO SERVIZOS E BENESTAR	50.000,00	50.000,00
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	38.678,00	42.545,00
UNINOVA	20.609,00	20.609,00
ENTIDADES AGRUPAN CONCELLOS	130.000,00	128.400,00
GRUPOS MUNICIPAIS	151.200,00	151.200,00
AUDITORIO	1.187.815,29	1.069.033,76
MANCOMUNIDADE	32.000,00	33.600,00
INCOLSA	899.315,00	819.315,00
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	3.970.656,12	4.274.352,11
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.462.814,61	1.361.295,28

3. O importe concreto da achega da subvención a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar determinarase unha vez realizados os gastos correntes aos que está obrigado o Concello segundo os convenios vixentes. Polo tanto, a aplicación correspondente e a cuantía nominativa reflectida neste apartado, poderá ser minorada ou incrementada para dar cumprimento a ditas obrigas.

CAPÍTULO VI

Pagamentos a xustificar

Artigo 29. Ordes de pagamento a xustificar.

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga á que se refiran.

A expedición e execución das ordes de pagamento “a xustificar” deberá efectuarse logo de que o órgano competente aprobe a autorización e disposición do gasto, achegando informes sobre as circunstancias polas que non se poden presentar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.

Os fondos librados a xustificar poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para este fin, ou ben entregándoos en efectivo ó perceptor. Con carácter xeral, non poderán ser superior a 2.000,00 euros. Con carácter excepcional, debidamente xustificadas e co visto e prace do Sr Alcalde poderán libarse mandamentos de importe superior a persoa autorizada que represente ao Concello, con motivo da necesidade de efectuar pagos en metálico fora do territorio español e/ou dentro do mesmo.

Requirirá acordo previo da Xunta de Goberno local o pagamento de premios en metálico ou similares a xustificar.

Os perceptores de fondos librados “a xustificar” deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos ditos gastos achegando facturas ou documentos substitutivos que xustifiquen a saída de fondos, coa dilixencia do xefe de servizo que acredite a súa conformidade coa obra, servizo ou subministración correspondente. En ningún caso servirán de xustificación as copias simples de facturas, documentos ou xustificantes de pagamento.

No suposto dos premios, os documentos xustificativos deberán ter o seguinte contido mínimo: nome e apelidos do perceptor do premio, número de identificación fiscal, partida orzamentaria, importe íntegro e líquido, no caso de que esté suxeito a retención, concepto do gasto, data, sinatura do perceptor do premio e sinatura.

A conta, coa súa documentación e o informe de Intervención, someterase á aprobación do/da Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

De non renderse a conta nos prazos establecidos nesta base, instruirase un expediente de alcance contra o perceptor dos ditos fondos, consonte o disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria. De igual maneira, procederase contra os perceptores de fondos librados “a xustificar” polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

Só se poderán expedir ordes de pagamento “a xustificar” cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

TÍTULO III ORZAMENTO DE INGRESOS

Artigo 30. Compromiso e recoñecemento de dereitos.

Os ingresos en concepto de subvencións ou transferencias contabilizaranse como compromisos de ingreso unha vez adoptado o acordo formal por parte da entidade correspondente, achegando ó documento contable o documento orixinal ou unha certificación do dito acordo.

Unha vez cumpridas as condicións establecidas para que a subvención sexa esixible, aprobarase o recoñecemento do dereito mediante resolución do/da Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

Poderase prescindir da contabilización previa do compromiso de ingreso cando non estean diferenciadas as fases do compromiso e recoñecemento.

No caso da participación en tributos do Estado, contabilizarase o recoñecemento do dereito e cobro do importe correspondente no momento da recepción da liquidación de exercicios pechados. No caso das entregas mensuais contabilizarase o recoñecemento por períodos mensuais.

A creación de endebedamento contabilizarase cando o seu produto se ingrese na Tesourería da entidade.

En caso de ingresos derivados de liquidacións de contraído previo e ingreso directo e de recibos de contraído previo e ingreso por recibo emitidos polas oficinas da entidade local, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se dicte a resolución do Concelleiro delegado que aproba as ditas liquidacións ou o padrón.

No suposto de liquidacións derivadas do procedemento de inspección mediante empresa colaboradora, poderán contabilizarse os dereitos recoñecidos cando se dicte a resolución do Concelleiro delegado aprobando ditas liquidacións, cando se produza o ingreso como ingreso de contraído simultáneo, ou cando o departamento de Recadación inicie o procedemento de recadación executiva.

En caso de autoliquidacións e demais ingresos sen contraído previo, como os xuros, contabilizaranse simultaneamente o seu recoñecemento e o seu cobro, sendo suficiente a toma de razón en contabilidade.

O órgano competente para a aprobación da anulación dos dereitos e a súa devolución é o Concelleiro delegado de facenda.

Cada dependencia municipal, e en particular o órgano liquidador, coidará da correcta aplicación das Ordenanzas Fiscais e Precios Públicos, dentro da súa competencia.

Artigo 31. Operacións de tesourería.

Para atender necesidades transitorias de tesourería, poderanse concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan dun ano, logo do informe de Intervención e de acordo coas previsións do TRFL e previa acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida de imputación de intereses. En todo caso deberán respectar a limitación temporal establecida normativamente.

Artigo 32. Fiscalización de ingresos

De acordo co Capítulo IV do Título VI do TRFL, o procedemento para a solicitude de subvencións ou aportacións en xeral a favor do Concello para a realización de actividades, execución de obras ou prestación de servizos municipais, se iniciará coa proposta do Alcalde o Concelleiro delegado e un informe do técnico da área correspondente que inclúa a norma que regula a concesión da subvención ou aportación, os compromisos económicos que xenera a concesión da mesma, e a súa distribución temporal na execución do gasto e do ingreso.

Unha vez fiscalizado, a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para aprobar ou denegar a solicitude.

No caso que a concesión dunha subvención non supoña gasto para as arcas municipais, a solicitude poderá efectualo o Alcalde, dando conta a Xunta de Goberno Local.

A fiscalización previa dos ingresos de xestión municipal, que abrangue dende a xestión censal ata a recadación ou anulación, sustituirase pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante o emprego de técnicas de muestreo, ó abeiro do artigo 219.4 do TRFL. Emitirase un informe de fiscalización da totalidade dos ingresos examinados.

TÍTULO IV RÉXIME DE CONTRATACIÓN

Artigo 33. Normas xerais.

A contratación se rexirá polo establecido na Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público; Real Decreto 817/2009, de 8 de maio que desenrola parcialmente a citada Lei; Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e demais normativa vixente. Polas normas dictadas pola Unión Europea en materia de contratación administrativa, sendo de aplicación supletoria a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. No seu defecto serán de aplicación as normas de dereito privado.

Ao obxecto de garantir o control de calidade da decisión do gasto establécese o seguinte:

Nos expedientes de contratación, incluírase unha memoria co visto bo do Concelleiro/a delegado/a por razón da materia no que se xustifique ademais da necesidade a oportunidade do mesmo, e a conveniencia da súa execución na data da proposta.

En ningún caso poderá fraccionarse un contrato co obxecto de disminuir a súa contía.

1.- O recoñecemento da obriga unha vez efectuada a obra, prestado o servizo ou efectuado o suministro, con suxeción ás condicións estipuladas, así como a ordenación do pago será competencia da Concelleiro/a delegado/a de Facenda.

2.- Será competente a Xunta de Goberno Local para o recoñecemento de obrigas derivadas de gastos realizados no exercicio corrente, con consignación orzamentaria, pero que non seguiron o procedemento establecido, tanto en relación coa súa tramitación administrativa, como cos aspectos orzamentarios da execución do gasto.

Artigo 34. Procedementos de contratación.

A competencia para a tramitación dos expedientes de contratación a ostenta o Departamento de Contratación e Servizos previa proposta do Concelleiro/a delegado por razón da materia.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece como procedementos especiais polo límite cuantitativo da contratación, os seguintes:

A. Procedemento negociado

Os límites cuantitativos do procedemento negociado, contemplados no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, son os seguintes:

A.1 Con publicidade no perfil de contratista o boletines oficiais

- | | |
|---------------------|--|
| a) Para obras | superior a 200.000€e inferior a 1.000.000€ |
| b) Para suministros | superior a 60.000€e inferior a 100.000€ |
| c) Para servizos | superior a 60.000€e inferior a 100.000€ |

A.2 Sen publicidade con solicitude de alo menos tres ofertas

- | | |
|------------------------------|-------------------|
| a) En obras | ata 200.000 euros |
| b) En suministros e servizos | ata 60.000 euros |

B. Contratos menores

A tramitación dos contratos menores a que se refire o art. 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, realizarase de acordo coa normativa anteriormente citada.

Os límites son os seguintes:

- | | |
|---------------------|-------------------------|
| a) Para obras | inferior a 50.000 euros |
| b) Outros contratos | inferior a 18.000 euros |

En ditos importes non se atopa incluído o IVE.

Os trámites para a súa autorización e disposición así como o órgano competente para elo son os sinalados na **base 20ª de execución do orzamento**.

O recoñecemento da obrigas será competencia da Concelleira delegada de Facenda.

A tramitación dos contratos menores efectuarase polo servizo xestor. O expediente conterá a seguinte documentación:

* Memoria descriptiva suscrita polo servizo técnico co visto bo o conforme do Órgano de Contratación que xustificará a necesidade e oportunidade do gasto.

* Se se trata dun contrato de obras, ademáis, o orzamento das obras e o estudo básico de seguridade e saúde.

* Proposta de adxudicación motivada a unha delas.

* Para a contratación de novos equipamentos que supoñan a prestación dun novo servizo ou a ampliación substancial dun xa existente, deberá incorporarse unha memoria valorada do coste de prestación do servizo ou ampliación.

Artigo 35. Sociedades Municipais

As Sociedades participadas ao cen por cen polo Concello adaptarán a súa actividade contractual, ao previsto para elas na Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e instrucións de contratación aprobadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PRÓRROGA ORZAMENTARIA.

Se ó iniciar o exercicio económico do ano 2013 non entrara en vigor o orzamento xeral correspondente ó dito exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior ata o límite global máximo dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior, ou estean financiados con ingresos afectados que, exclusivamente, fosen a percibirse no dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do orzamento xeral que non son susceptibles de prórroga será establecida por resolución do/a Concelleiro/a delegado/a de Facenda, logo do informe do interventor.

Delégase no Concelleiro/a delegado/a de Facenda a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto do Orzamento Xeral pendente de aprobación.

O orzamento prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas na lei.

Aprobado o orzamento definitivo efectuaranse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. INDEMNIZACIONES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E DOTACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS

1. En caso de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais, pagaranse, previa xustificación, os gastos de viaxe no medio de transporte empregado. No suposto de pernoctar fora do domicilio habitual, pagaranse, asemade, os gastos de aloxamento debidamente xustificadas.

Polo que atinxe aos gastos de manutención, o Alcalde e os Concelleiros percibirán ben o importe que xustifiquen mediante factura ou o importe consignado a continuación:

- * Ao Presidente da Corporación.....92,76 euros diarios
- * Aos restantes membros da Corporación.....74,21 euros diarios

Nas saídas ó estranxeiro o importe será o dobre.

2. Con carácter xeral as axudas de gastos asignadas aos funcionarios e contratados da Corporación rexeranse polo preceptuado no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón de servizo. Cando este persoal forme parte dunha delegación oficial representando o Concello, de acordo co que establece a disposición adicional sexta do RD 462/2002, sobre indemnización por razón do servizo, establécese o seguinte réxime de indemnizacións que percibirá o persoal funcionario ou laboral que forme parte dunha delegación oficial, entendendo por tal aquela presidida polo Alcalde ou concelleiro que ostente a correspondente delegación, representando ao Concello.

* Os gastos de aloxamento indemnizaranse pola contía exacta aboada, con independencia de que sexa superior ao establecido por tal concepto na norma citada con anterioridade.

* Os gastos de manutención indemnizaráanse pola contía que o decreto establece por tal concepto para o grupo de clasificación no que figure integrado o persoal de que se trate, debendo reintegrarse tales gastos previa presentación da factura que acredite a súa realización, aínda que a contía sexa menor que a que contén a norma.

Asemade, pagarase calquera outro gasto que se poida producir con motivo das obrigas de representación do cargo, que serán debidamente xustificadas coas facturas presentadas polo interesado.

Excepcionalmente para o caso dos proxectos europeos nos que participe o Concello de Santiago de Compostela, non se aplicará o establecido nos apartados anteriores para o persoal que formen parte da delegación oficial representando ao Concello de Santiago (funcionario, laboral, eventual ou membros políticos da Corporación).

As axudas correspondentes aos gastos de aloxamento, manutención, desprazamentos e calquera outro gasto que se poida producir con motivo da asistencia aos eventos programados no marco dun proxecto europeo indemnizaranse pola contía exacta aboada previa presentación da factura ou documento de similar valor probatorio que acredite a súa realización.

3.- Os grupos políticos percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha dotación mensual de 450,00 euros por grupo e 450,00 euros por cada concelleiro pertencente ós mesmos.

4.- Os Concelleiros delegados sen dedicación exclusiva só percibirán en concepto de dietas por asistencia a órganos colexiados as correspondentes as sesións ordinarias de Plenos e Comisións.

5.- No caso de que un concelleiro asista a mais dunha sesión do mesmo órgano e no mesmo día, somentes terá dereito a percibir indemnización por asistencia a unha única sesión, sen perxuízo do disposto no parágrafo anterior para os concelleiros delegados sen dedicación exclusiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. BENS INVENTARIABLES.

Todo recoñecemento de obrigas con cargo ao Orzamento que signifique recepción dun ben inventariable, deberá ser notificado xunto coa documentación que permita a identificación do mesmo, ao servizo de Patrimonio, a fin de proceder a alta no Inventario Municipal no prazo máximo dunha semana desde a recepción do ben no servizo xestor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. PECHE DO EXERCICIO.

En relación aos gastos, para o peche do exercicio se observará como norma xeral o disposto na Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba o modelo normal de Contabilidade Local, e normas concordantes.

A data límite para a adxudicación dos contratos cuxa execución se realice no exercicio é o **17 de decembro**.

O inicio de expedientes de contratación “tramitación anticipada” se realizará ata o día 16 de decembro.

Os documentos ADO referidos a suministros e servizos con fiscalización ulterior e ata a contía de 3.005 euros serán admitidos ata o 19 de decembro.

Os mandamentos de pago a xustificar terán a data límite de entrada na Intervención xeral o día 20 de decembro de 2012.

En ningún caso se admitirán a trámite na Intervención xeral documentos de xestión contable expedidos despois do día 31 de decembro de 2012. Non obstante, a recepción de ditos documentos na Intervención Xeral finalizará o día 12 de xaneiro de 2013.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO.

De acordo co disposto no artigo 191.2 do TRFL e 103 do Real Decreto Presupostario 500/1990 a determinación dos dereitos pendentes de cobro do orzamento de ingresos que se considerarán de difícil ou imposible recadación realizarase de acordo coas seguintes regras:

Para os capítulos I, II, III e V:

Regra 1ª.- Asignaráselle a condición de dubidoso cobro a porcentaxe que se sinala nos apartados seguintes en función da data de liquidación do dereito:

- 1.- Do exercicio que se liquida (n) ningún dereito liquidado terá a consideración de dubidoso cobro (0 por cento).
- 2.- Do exercicio anterior (n-1) terá dita consideración o 10 por cento do pendente de cobro.
- 3.- De dous exercicios anteriores (n-2) terá dita consideración o 30 por cento do pendente de cobro.
- 4.- De tres exercicios anteriores (n-3) terá dita consideración o 60 por cento do pendente de cobro.
- 5.- De catro exercicios anteriores (n-4) terá dita consideración o 100 por cento do pendente de cobro.

Regra 2ª.- A contía resultante da regra 1 incrementarase ou diminuírase respectivamente de acordo co informe de tesourería que cuantifique os recursos en trámite e os aprazamentos de pagos garantidos.

Para os capítulos IV e VII:

Regra 3ª.- Asignaráselle a condición de dubidoso cobro aos dereitos liquidados no exercicio n-2, salvo informe motivado do servizo xestor da subvención no que se expoñan causas fundamentadas que xustifiquen a demora na materialización dos cobros.

Regra 4ª.- No caso de tratarse de liquidacións pendentes de cobro de exercicios pechados cuxo importe sexa superior ós 300.000,00 euros, procederase á súa dotación individualizada no caso de que o órgano de **recadación aprecie e xustifique axeitadamente a existencia de riscos que fagan aconsellable dotar dita provisión.**

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. PERMUTA DE BENS INMOBLES

As operacións de permuta de bens inmobles imputaranse ao Orzamento polo seu importe íntegro, tanto en relación co gasto como co ingreso, procedéndose ao pago ou ingreso, no seu caso, do neto da operación e á formalización das cantidades que resulten a compensar.

A fiscalización e contabilización da imputación ao orzamento tanto do ingreso como do gasto non esixirá outro acto administrativo que o acordo de alleamento, adoptado polo órgano competente, e a efectiva proposta polo órgano xestor de recoñecemento e liquidación do dereito e de aprobación e liquidación do gasto e da súa respectiva obrigación (documento ADO).

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. ESTADOS INTEGRADOS E CONSOLIDADOS

En aplicación do artigo 209.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais elaboraranse anualmente para achegar como documentación complementaria da Conta Xeral, os estados integrados e consolidados das contas do Concello, Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís de capital total ou maioritariamente municipal.

A determinación e definición dos estados e contas a consolidar determinarase pola/o Concelleira/o delegada/o de Facenda, Orzamentos e Contratación a proposta da Intervención Xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO.

As cotas de Amortización do Inmobiliado determínanse con carácter xeral polo método de cota lineal.

A dotación anual á amortización expresa a distribución do valor contable activado durante a vida útil estimada do inmovilizado.

Autorízase, a proposta da Intervención Xeral, á/ao Concelleira/o delegada/o de Facenda, Orzamentos e Contratación, a modificar a vida útil dos bens que compoñen o Inmobilizado Material e Inmaterial, tanto do Concello como do seu Organismo Autónomos, ao obxecto de poder calcular a dotación anual do inmobilizado en función desta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. ANOTACIÓNS CONTABLES DERIVADAS DE UTILIZACIÓN DE SOPORTES ELECTRÓNICOS, INFORMÁTICOS OU TELEMÁTICOS.

En relación co rexistro de operacións que haxan de ser contabilizadas no Sistema de Información Contable do Concello de Santiago de Compostela a través da incorporación de datos contidos en soportes electrónicos, informáticos ou telemáticos, en aplicación da Regra 89.2 b), da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a dilixencia de toma de razón á que se refire a Regra 91 da citada Instrución, substituirase polos correspondentes procesos de validación no citado sistema acreditativos das anotacións contables producidas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. INTEGRACIÓN DA SOCIEDADE MERCANTIL MUNICIPAL EMUVISSA NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

De acordo co establecido na medida 3 do Plan de Axuste elaborado ao abeiro do disposto no RDL 4/2012 e aprobado en sesión plenaria de data 30-3-2012, se prevé a disolución da empresa municipal da vivenda e solo do Concello de Santiago de Compostela (Emuvisa) e a integración das súa actividade no Concello, subrogándose na titularidade dos activos e pasivos da sociedade disolta.

Unha vez producido o procedemento de disolución e integración se decide a continuación das promocións en curso en función da súa viabilidade, tal e como establecen os informes económicos, urbanísticos e xurídicos correspondentes.

Se dotan no Orzamento do Concello as previsións de ingresos e gastos establecidas nos Informes citados que se acompañan como Anexo ao Informe Económico- Financeiro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. REXISTRO DE FACTURAS.

A Intervención Xeral, habilitado o Rexistro de Facturas a que se refire o artigo quinto da Lei de Loita contra a Morosidade nas Operacións Comerciais, elaborará a relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigaón ou se haxa xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. AUTORIZACIÓN DO MINISTERIO PARA A DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS PROCEDENTES DA STC PELETEIRO CON CARGO AO SUPERÁVIT DO 2013.

Segundo escrito do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que acompaña a este Proxecto de Orzamento 2013, de data 6 de febreiro de 2013 (nº rex. Saída 341/RG 1977 e nº de entrada no Concello 7682, de data 8 de febreiro de 2013), se autoriza á modificación das magnitudes previstas no Plan de Axuste para este exercicio 2013, consecuencia da sentenza do TS, firme e irrecorríble que anula a modificación puntual no ámbito do antigo Colexio Manuel Peleteiro. De instarse a execución da sentenza e con elo a remoción de tódolos seus efectos inherentes á dita modificación puntual, o Concello podería verse obrigado a devolver-los 2,6 mill de euros ingresados no seu día cos xuros correspondentes.

Non se considera incumprimento no sentido da disposición adicional primeira da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira se, como consecuencia da execución da resolución xudicial da que se derive un menor ingreso sobrevenido, non se cumprise estrictamente o Plan de Axuste, pero se mantivese o signo positivo das magnitudes financeiras ou orzamentarias, aínda en menor contía.

Do escrito do Ministerio se autoriza un superávit (en menor contía que o previsto no Plan de Axuste), por importe de 637.335,47 euros.

DISPOSICIÓN FINAIS

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. LEXISLACIÓN SUPLETORIA.

No non previsto nas presentes Bases estarase ao disposto na vixente lexislación local, na Lei Xeral Orzamentaria, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais normas da Administración Xeral do Estado que sexan aplicables.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. INTERPRETACIÓN, ESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN.

Autorízase á/ao Concelleira/o Delegada/o de Facenda a interpretar as presentes Bases e adoptar cantas resolucións considere necesarias en orde ao desenvolvemento e aplicación das mesmas.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. OBRIGAS DE SUMINISTRO DA INFORMACIÓN PREVISTAS NA LO 2/2012 DE EOSF.

En virtude do principio de transparencia que ha de presidir a relación entre Administracións Públicas que ganaticie confianza no correcto funcionamento do sector público, se remitirá a información que regula a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na LOEPSF 2/2012, coa periodicidade e mediante os procedementos previstos na mesma.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. REGLA DE GASTO E TEITO DE GASTO.

O artigo 12 da LOEPSF 2/2012 esixe ás Entidades Locais que a variación do gasto non supere a taxa de referencia do crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

En concreto, o 21 de xullo de 2012, o Goberno elevou ao Congreso, xunto cos obxetivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,8% do PIB) para o período 2013-2015, a regra de gasto para os Orzamentos 2013, 2014 y 2015; 1,7%, 1,7% e 2% respectivamente.

Os citados acordos foron aprobados polo Congreso o 24 de xullo de 2012 e polo Senado, o 26 de xullo de 2012.

LIMITE GASTO COMPUTABLE		2013
Límite Gasto Computable: REGLA Do GASTO		73.157.206,82
Gastos Financiados por Administracións (2012)		12.956.455,91
Aumentos/ diminucións Recadación por normativa (2012)		1.400.000,00
Taxa referencia Crecimiento do PIB 2013		1,7
GASTO COMPUTABLE ORZAMENTO		2013
Gasto computable		71.959.952,78
Gastos Financiados por Administracións		13.992.813,72

De conformidade cos artigos 2.1 y 30 da LOEPSF 2/2012, o teitode gasto non financeiro en termos consolidados para o exercicio 2013, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, é o seguinte:

COHERENCIA COA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
Ingresos non financeiros =	99.283.168,71
Gastos non financeiros =	87.841.490,50
Necesidade/Capacidade financiación	11.441.678,21

LÍMITE GASTO NON FINANCEIRO	89.038.744,54
Límite Gasto non financeiro / partindo da Regla de Gasto	89.038.744,54
Límite Gasto non financeiro /Cálculos Estabilidade presup.	99.283.168,71
Gastos non financeiros orzamento exercicio	87.841.490,50

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. MARCO ORZAMENTARIO 2013-2015

En cumprimento do disposto nos artigos 2.1 y 29 ds LOEPSF, por Decreto da Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación, se aprobará o Marco Orzamentario 2013-2015, unha vez aprobado inicialmente o Proxecto de Orzamentos en sesión plenaria.”

3.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal para o ano 2013, co contido que de seguido se indica:

CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2013:

A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985

- 1 Director/a de área de Facenda, Contratación e Control do Gasto. Grupo A1.
- 1 Director/a da área de Mobilidade e Seguridade Cidadá. Grupo A1.
- 1 Director /a da área de urbanismo e infraestructuras. Grupo A1.
- 1 Director/a da área de contratación e persoal. Grupo A1.

B.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA

CON HABILITACIÓN NACIONAL.-

- 1 Secretario. Grupo A1.
- 1 Interventor. Grupo A1.

1 Tesoureiro. Grupo A1.
1 Vicesecretario. Grupo A1.
1 Viceinterventor. Grupo A1.
1 Vicetesoureiro. Grupo A1.
1 Secretario/a de Apoio. Grupo A1.
1 Interventor/a de Apoio. Grupo A1.
1 Tesoureiro/a de Apoio. Grupo A1.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.-

Subescala Técnica

19 Técnicos.- Grupo A1.-Nivel Titulación: Licenciado en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, Intendente Mercantil ou Actuario.

Subescala de xestión

8 técnicos de xestión.- Grupo A2.- Nivel de Titulación: Diplomado universitario, coas especificacións que se conteñen na relación de postos de traballo.

Subescala Administrativa

52 Administrativos.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

Subescala Auxiliar

51 Auxiliares Administrativos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

Subescala Subalterna

4 Conserxes.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

7 Uxieres.- Agrupacións Profesionais Estatuto Básico Empregado Público- Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

Subescala Técnica

Técnicos Superiores:

- * 1 Técnico Superior Medio Ambiente. Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado Superior.
- * 1 Inspector sanitario. Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado en farmacia, licenciado en ciencias químicas, licenciado en ciencias biológicas.
- * 1 Técnico Superior. (Director da Área de Urbanismo e Infraestructuras.) Grupo A1. Nivel titulación: Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou equivalente. (A amortizar).
- * 9 Arquitectos.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado na Escola de Arquitectos Superiores.
- * 1 Asesor Xurídico.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Dereito.
- * 1 Pedagogo.- Grupo A. Nivel Titulación: Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade Pedagogía.
- * 1 Arqueólogo.- Grupo A1. Titulación en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.
- * 2 Economistas.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.
- * 1 Analista de Sistemas Informáticos.- Grupo A1. Nivel Titulación: Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, Licenciado en Informática, Licenciado en Matemáticas.
- * 1 Técnico en prevención de riscos laborais.- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado Universitario con alomenos 2 especialidades do Regulamento de Prevención.
- * 1 técnico de programación e xestión cultural.- Grupo A1. Nivel de titulación: Superior. Licenciado universitario en disciplinas afíns á área de humanidades.
- * 1 licenciado/a en dereito para servizos sociais.- Grupo A1, nivel titulación: Licenciado en dereito.

Técnicos Medios

- * 3 Enxeñeiros Técnicos en Obras Públicas.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- * 2 Enxeñeiros Técnicos Industriais.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico Industrial.
- * 6 Aparelladores.- Grupo A2. Nivel Titulación: Arquitecto Técnico.
- * 1 Asistente Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Asistente Social.
- * 1 Graduado Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Graduado Social.
- * 2 técnicos medios en informática. Grupo A2. Nivel Titulación: Diplomado Universitario en Informática.

Técnicos Auxiliares

- * 6 Técnicos en Informática.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Informática, FP-2 de 2º Grao ou equivalente.
- * 8 Delineantes.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Delineación, F.P de 2º Grao ou equivalentes.
- * 1 Encargado de Instalacións Semafóricas.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bachelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalentes.
- * 1 Encargado de Parques e Xardíns.- Grupo C1. Nivel Titulación: Diploma de Capataz Agrícola, especialidade: Xefe de Explotación.
- * 1 Encargado da Brigada de Vías e Obras.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalente.
- * 1 Encargado da Oficina Municipal de Información ó Consumidor.- Grupo C1. Nivel de Titulación: Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.
- * 1 Técnico auxiliar en prevención de riscos laborais.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente, con curso de prevención de 300 horas homologado, ou ciclo superior FP, familia profesional de mantemento e servicios á produción.

Subescala de Servizos Especiais

1.- PERSOAL DE OFICIOS:

A) Parques e Xardíns.

- * 3 especialistas.- Grupo C1. Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.
- * 9 Oficiais Xardineiros.- Grupo C2. Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

B) Parque Móbil.

- * 1 Encargado Parque móbil.- Grupo C1. Nivel titulación. Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.
- * 1 Xefe Parque Móbil.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.
- * 1 Conductor.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

C) Vías e Obras.

- * 3 Capataces.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

- * 1 Canteiro Albanel.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación profesional de 1º Grao ou equivalente.
- * 5 Oficiais Albaneis.- Grupo C2 Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.
- * 2 Oficiais Carpinteiros.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.
- * 1 Oficial Fontaneiro Soldador.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

D) Circulación e seguridade cidadá

- * Un oficial albanel (procedente da Brigada de Vías e Obras).- Grupo C2. Nivel de titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1ª grao ou equivalente.

2.- COMETIDOS ESPECIAIS

A) BANDA DE MÚSICA.

- * 25 músicos.- Grupo A2.
- * 6 músicos.- Grupo C1.
- * 3 músicos.- Grupo C2.

B) SANIDADE E MEDIO AMBIENTE:

- * 4 Auxiliares de Inspección de Servizos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente.

3.- EXTINCIÓN DE INCENDIOS:

- * 1 Oficial.
- * 1 Suboficial.
- * 6 sarxentos.
- * 10 Cabos.
- * 49 Bombeiros-Condutores.

4.- POLICÍA MUNICIPAL

- * 5 Inspectores principais.- Grupo A2. Escala Executiva da Policía Municipal.
- * 10 inspectores.- Grupo A2. Escala Executiva da Policía Municipal
- * 19 Oficiais.- Grupo C1. Escala básica da policía municipal
- * 125 Policías.- Grupo C1. Escala básica da Policía Municipal.

C) PERSOAL LABORAL

IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS.

- * 2 Avogados.
- * 10 Traballadores/as Sociais.
- * 2 Educadores/as Familiares.
- * 1 Administrativo.
- * 1 Auxiliar Administrativo.
- * 1 axente de emprego local.

BRIGADA DE VÍAS E OBRAS

- * 1 Conductor.
- * 1 Oficial Conductor-Palista.
- * 1 Oficial Soldador.
- * 1 Capataz.

BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS

- * 1 oficial.
- * 1 Soldador.

DEPORTES

- * 1 Técnico en Programación Deportiva.
- * 1 Técnico en Mantemento.
- * 10 Porteiros-Conserxes.

PARQUE MÓBIL

- * 3 Conductores.
- * 1 Mecánico-Conductor.

SERVIZOS INTERNOS

- * 5 Uxieres laborais, equiparados a funcionarios E-14.
- * 3 Limpiadoras (a extinguir).

EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURAI.

- * 3 Técnicos en Educación e Mocidade.
- * 2 Técnicos en Programación.
- * 2 Educadores-Monitores.
- * 8 Animadores Socioculturais.
- * 3 auxiliares administrativos

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- * 1 Técnico en orientación laboral.
- * 3 Axentes de Desenvolvemento Local.

INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN

- * 1 Técnico de Desenvolvemento Local.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

- * 1 Técnico en Normalización Lingüística.

PRENSA E PUBLICACIÓNS

- * 1 Xornalista.

TRÁFICO

- * 1 Oficial 1ª Electricista (reassignado Estación de Autobuses).

OFICINA REHABILITACIÓN DE VIVENDA

- * 1 Técnico de Xestión.

TESOURERÍA/RECADACIÓN MUNICIPAL

- * 1 Auxiliar de Recadación de 1ª.
- * 8 auxiliares administrativos (antigas denominacións: auxiliares de recadación 2ª e 3ª, auxiliares de oficina de 1ª e 2ª)
- * 1 Subalerno.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- * 1 auxiliar administrativo.

PERSOAL

- * 1 auxiliar administrativo.

OMIC

- * 1 Auxiliar Administrativo.

BANDA DE MÚSICA

- * 1 Director grupo A1. Contrato de alta dirección.
- * 3 músicos grupo C2.

UMAD

- * 5 Psicólogos.
- * 2 Médicos.
- * 1 Auxiliar Clínica.
- * 2 Educadores Especializados.
- * 1 Administrativo.
- * 2 ATS.
- * 1 Director de Tempo Libre.
- * 1 Monitor ocupacional.
- * 1 traballador social.
- * 1 auxiliar administrativo C2.

INSPECCIÓN DE SERVIZOS:

- * 1 Encargado.

D) PERSOAL EVENTUAL.

- * 1 Xefe Gabinete Alcaldía.
- * 2 Asesores (nomeados pola Xunta de Goberno) Grupo A1.
- * 4 Asesores Grupo A1.
- * 6 Administrativos grupo C1.
- * 2 Auxiliares administrativos grupo C2.”

Os anteriores acordos someteranse á información pública polo prazo de 15 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No citado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. Os acordos

entenderanse definitivamente adoptados se ao termo do período de información pública non se tiveran presentado reclamacións.

Remata a sesión cando son as 17 horas e 25 minutos. Dou fe.